

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 7 de marzo de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día sete de marzo de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(179).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(180).- BASES E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2014. EXPTE. 89921/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.02.14, o informe de fiscalización do 25.02.14, e de acordo co informe-porposta da técnica de Servizos Económicos, do 19.02.14, conformado polo xefe de Área de Política de

Benestar, a concelleira delegada de dita Área e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases e a convocatoria específica para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades da área dos servizos sociais, para o exercicio 2014.

SEGUNDO.- Autorizar o crédito de 50.000 € con cargo á partida 2310.489.00.00 “Subvencións a asociacións, entidades, etc.” do vixente orzamento.

*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2014.*

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

*A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).*

*Coa reforma introducida na lexislación reguladora das Bases do Réxime local pola L.27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Admón. local (en vigor desde o 31.12.2013), as competencias en materia de “prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social” residencianse na Admón. autonómica, que deberá asumilas a 31.12.2015 (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27.3.c] e Disp. Transit. 2ª, apdo. 4, LRBRL) ou de que estes as exerzan, como competencia distinta das propias e das delegadas, previo cumprimento dos requisitos establecidos no novo Art. 7.4 da LRBRL. É precisamente dentro deste marco normativo e temporal no que se insire esta convocatoria específica de subvencións a entidades e asociacións de carácter social e sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais.*

II

*No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia atribúelle ás Corporacións locais competencias en materia de servizos sociais, entre as que se inclúen as referidas á colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social e a promoción de mecanismos de coordinación das súas actuacións, evitando duplicidades e infrautilización dos equipamentos sociais, así como o fomento e a promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.*

*De acordo con esta mesma norma, os poderes públicos están obrigados a fomentar no ámbito dos servizos sociais o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase*

mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

### III

Precisamente coa finalidade de fomentar a actividade das asociacións e entidades no ámbito dos servizos sociais municipais e coadxuvar subsidiariamente ó seu financiamento, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Política de Benestar, leva a cabo unha convocatoria anual de subvencións para entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro que actúen neste ámbito, no marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

A convocatoria destas subvencións efectúase de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, de acordo coas seguintes BASES.

#### BASE Primeira.- Obxecto

É obxecto das presentes Bases a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais en Vigo no ano 2014, dentro dos niveis de actuación que establece a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia e cumprindo os requisitos que nestas Bases se indican.

#### BASE Segunda.- Programas subvencionables

Serán subvencionables aqueles proxectos, programas e actividades de asociacións e entidades sen ánimo de lucro que se desenvolvan no ámbito territorial da cidade de Vigo, no sector específico dos servizos sociais e que teñan como destinatarios a un ou varios dos seguintes colectivos:

- A) *Familia e Infancia:*
  - Proxectos que teñan como finalidade promover a solidariedade e a socialización activa.*
  - Proxectos que fomenten as habilidades familiares a través de actividades educativas e de corresponsabilidade.*
  - Proxectos que favorezan a participación das familias cara á súa integración social e á mellora da calidade da actuación parental e a vida familiar.*
- B) *Persoas maiores:*
  - Proxectos ou actividades sociais destinados a persoas maiores coa finalidade de prever a dependencia e promover a autonomía persoal.*
- C) *Persoas con discapacidade:*
  - Programas de información e/ou formación dirixidos a este colectivo, familiares e cuidadores.*
  - Programas ou actividades dirixidas a persoas con discapacidade que fomenten a súa psicomotricidade.*
  - Obradoiros alternativos non coincidentes cos desenvolvidos pola Área de Política de Benestar.*

*Programas de apoio psicosocial para as personas en situación de dependencia (autocoidado emocional, autoestima, regulación emocional, habilidades de comunicación e resolución de conflitos, etc.).*

- D) *Persoas emigrantes, inmigrantes e minorías étnicas:  
Proxectos socioeducativos de carácter preventivo e de promoción social dirixidos a persoas socialmente vulnerables.*
- E) *Persoas marxinadas sen fogar:  
Proxectos de prevención, tanto individual como familiar o comunitaria, dirixidos a persoas e colectivos en risco de exclusión social, dependencia ou desprotección.*
- F) *Persoas toxicómanas (alcohólicas e drogodependentes):  
Proxectos de carácter preventivo, socioeducativo e de promoción da autoestima.*

#### BASE Terceira.- Inadmisión e desestimación das solicitudes

*Serán inadmitidas todas aquelas solicitudes de subvención que non cumpran cos requisitos xerais e específicos establecidos nestas Bases referidos ás entidades ou asociacións solicitantes (por non estar inscritas no Rexistro municipal de asociacións nos epígrafes/subepígrafes esixidos) e á natureza dos programas, proxectos e actividades propostas (por non cumprir as condicións da Base segunda).*

*Unha vez estudiados os proxectos presentados e admitidos, desestimaránse aquelas solicitudes nas que o obxecto e/ou finalidade da subvención poida encadrarse nun ou varios dos apartados seguintes:*

1. *Aquelas que, para os mesmos conceptos, foran solicitadas noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo*
2. *Solicitudes que, aínda que só se presentasen na Área de Política de Benestar, teñan unha relación ou canle máis específica de subvención noutras áreas do Concello ou noutras Administracións, ou aquelas que, pola súa natureza ou obxectivo, non se encadren exactamente dentro do ámbito de actuación dos Servizos sociais.*
3. *Solicitudes que se refiran a programas, proxectos ou actividades que xa estean a executarse desde a Concellería de Política de Benestar a través dalgún contrato ou convenio de colaboración.*
4. *Cando o programa, proxecto ou actividade en cuestión non reúna as condicións mínimas de interese xeral, teñan unha escasa relevancia ou repercusión e non acaden a puntuación mínima esixida na valoración específica.*
5. *Aquelas que supoñan a edición de documentos internos ou externos de carácter exclusivamente propagandístico.*
6. *As que inclúan actividades de carácter político ou doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*
7. *Aquelas que inclúan actividades propias dos clubs deportivos, agás as dirixidas ó colectivo de persoas referido na letra c) da Base segunda e que non sexan coincidentes coas desenvolvidas polo Departamento.*
8. *As que inclúan actividades xa levadas a cabo por Administracións públicas, entidades ou unidades que dependan orgánica ou presupostariamente delas.*
9. *As que inclúan actividades de carácter docente previstas nos programas de ensino, as dirixidas ó estudo, análise ou investigación académica ou estatística e aquelas que inclúan actividades de natureza sanitario-asistencial.*

#### BASE Cuarta.- Financiamento e contía

O crédito de que se dispón para a dotación desta convocatoria será o da aplicación orzamentaria nº 2310.4890000: "Subvencións a asociacións, entidades etc. de carácter social".

Poderá subvencionarse o cen por cento do orzamento presentado, non podendo superar, en todo caso, a cantidade de 3.000 € por entidade solicitante.

#### BASE Quinta.- Compatibilidade

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas procedentes doutras Administracións ou entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a solicitude e obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o custo total do programa, proxecto ou actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006.

#### BASE Sexta.- Requisitos que deben reunir as entidades solicitantes

- a) Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro, que teña entre os seus fins o desenvolvemento de actividades sociais e con implantación local. Para estes efectos, os seus estatutos ou normas reguladoras deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nestas Bases.
- b) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións da Concellería de Participación cidadá do Concello de Vigo na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, en epígrafes ou subepígrafes que inclúan a calquera dos sectores de poboación ou colectivos indicados na Base segunda e que operen no ámbito dos servizos sociais.
- c) Non estar incursas en ningún dos supostos previstos no Art. 10 da LSG.
- d) Ter sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Vigo. Entenderase por "delegación permanente" aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades. Neste caso, esta asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ó mantemento da documentación, á contabilidade e coxestión do proxecto na súa oficina de Vigo, entendendo por esta a participación, alomenos, a identificación, formulación, seguimento e avaliación do proxecto.
- e) No caso de agrupación de entidades, todas elas deberán cumprir os requisitos anteriores. As entidades agrupadas asumen a responsabilidade conxunta do proxecto e designarán un domicilio único e unha cabeza de agrupación, tanto para efectos de notificacións administrativas como de interlocución coa Administración. A porcentaxe de participación de cada entidade no proxecto así como os dereitos e obrigas de cada unha delas determinaranse nun convenio que deberán xuntar cando se presente a documentación da solicitude. Neste convenio deberá sinalarse que cada unha das entidades asume a responsabilidade directa pola súa porcentaxe de participación e subsidiaria pola totalidade do proxecto.
- f) Non se consideran agrupacións de entidades aquelas que estean formadas por unha asociación e a federación a que pertenza dita asociación ou aquelas en que

- os órganos de goberno sexan coincidentes, total ou parcialmente, en todas as entidades agrupadas.
- g) Cada entidade ou agrupación de entidades solicitantes non poderá presentar máis dun proxecto a esta convocatoria.
  - h) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes Bases.
  - i) Que teñan debidamente xustificadas, se é o caso, e antes da presentación da solicitude para esta convocatoria, as axudas recibidas no ano anterior. Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos en que, sobre os beneficiarios das axudas económicas, recaíse resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.
  - j) Que se atopen ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

#### BASE Sétima.- Prazo, forma de presentación de solicitudes e documentación

##### 7.1. Prazo e forma de presentación:

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado contado dende o día seguinte á publicación destas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. As solicitudes poderán presentarse no Rexistro xeral do Concello de Vigo ou mediante calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común (LRX-PAC).

##### 7.2. Modelo de presentación de solicitudes:

As solicitudes de subvención presentaranse de acordo co modelo que figura no Anexo I destas Bases.

##### 7.3. Documentación:

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- (a) Certificación asinada polo secretario da entidade do acordo de solicitude da subvención adoptado polo órgano de goberno da asociación ou entidade solicitante e composición de dito órgano de goberno (as renovacións ou modificacións da súa composición deben ser notificadas, especialmente no que atinxe aos postos de representante legal e secretario/a).
- (b) Certificación asinada polo secretario da entidade relativa a:
  - Representación da persoa responsable legal da entidade
  - Que dispón de sede central ou delegación permanente na cidade
  - NIF da entidade
- (c) Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria e Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, en base ao réxime simplificado de acreditación do seu cumprimento para as subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social que se concedan a entidades sen ánimo de lucro, segundo establece o artigo 24.4 do RD.887/2006. Anexo II.

- (d) *Declaración responsable do representante legal da entidade facendo constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da LSG. Anexo II.*
- (e) *De ser o caso, declaración responsable do representante legal da entidade na que se indiquen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.*
- (f) *Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, deberán xuntar o acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais e o documento de designación do representante ou apoderado único, onde se fagan constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada asociación para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lles correspondan.*
- (g) *Memoria explicativa e detallada do proxecto ou actividade para os que se solicita subvención, co contido mínimo seguinte:*
  - *Nome do proxecto*
  - *Obxectivos e fins que persigue*
  - *Actividades por realizar*
  - *Número aproximado de persoas que se beneficiarán e para as que se destina o proxecto*
  - *Calendario de actividades*
  - *Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización da actividade ou proxecto.*

*No suposto de que a entidade presentase esta documentación, ou parte da mesma, a outra convocatoria de axudas do Concello de Vigo no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con que achegue unha declaración especificando a documentación xa presentada, así como o número de expediente no que consta, debendo anexar unicamente a documentación que falte ou non estea actualizada.*

#### *BASE Oitava.- Gastos do proxecto*

##### *8.1. Gastos subvencionables:*

*Serán gastos subvencionables os custos directos e indirectos do programa, proxecto ou actividade subvencionada.*

- *Entenderanse como “custos directos” aqueles que resulten imprescindibles para a posta en marcha do proxecto, vinculados á execución da intervención, e que financian a consecución dos seus obxectivos. Para os efectos da concesión da axuda teranse en conta:*

*a) Materiais consumibles: considéranse os gastos consumibles en prazos inferiores a un ano, tales como material de escritorio, material informático, material de formación, reprografía e imprenta.*

*b) Persoal: os gastos de persoal subvencionables poderán incluír salarios e seguros sociais do persoal afecto ao proxecto a cargo da entidade. Para o caso de que se imputen gastos de coordinación, esta actividade deberá ser realizada por persoa física distinta da responsable do proxecto. Cando a persoa que realiza a coordinación sexa persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante, non se poderá imputar máis do 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto.*

c) *Servizos técnicos e profesionais requiridos para a realización de análise de necesidades, diagnósticos, capacitacións, seminarios, informes..., previstos para a realización do proxecto.*

- *Considéranse “custos indirectos” os gastos propios do funcionamento regular da entidade solicitante que resultan da formulación e execución do proxecto. Non poderán superar o 5% do orzamento total do proxecto.*

*Estes gastos imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptadas e, en todo caso, na medida en que tales gastos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade, debendo acreditarse a porcentaxe aplicada mediante declaración responsable.*

8.2. *En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables:*

- *Os bens e equipamentos inventariables*
- *Os xuros debedores das contas bancarias*
- *Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais*
- *Os gastos de procedementos xudiciais*
- *As amortizacións de bens inventariables*
- *Os gastos en atencións protocolarias (xantares, festas, recepcións, regalos, froes, entradas a espectáculos, etc.).*

#### *BASE Novena.- Criterios de valoración*

*A concesión destas subvencións terá lugar en réxime de concorrncia competitiva, tendo sempre como límite as disponibilidades orzamentarias da Concellería de Política de Benestar para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer una prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolles as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible. De producirse algunha renuncia, esta non dará lugar a un novo cálculo das cantidades asignadas inicialmente nin, polo tanto, ó incremento dos importes correspondentes ás entidades que aceptaron a subvención.*

*Os proxectos que cumpran os requisitos sinalados nestas Bases reguladoras serán avaliados tendo en conta os seguintes criterios:*

*1.- Criterios relacionados coa entidade: ata 15 puntos, desagregados segundo os epígrafes seguintes:*

- *Valorarase cun máximo de 4 puntos a experiencia no sector, determinada pola maior implantación na cidade da asociación e de acordo coas regras seguintes:*
  - 1.Asociación con implantación de 10 anos ou máis: 4 puntos.*
  - 2.Asociación cunha antigüidade de mais de 5 anos e menos de 10: 2 puntos.*
  - 3.Asociación cunha antituidade de menos de 5 anos: 1 punto.*
- *Valorarase cun máximo de 6 puntos a capacidade de execución do proxecto (recursos humanos, técnicos e económicos), de acordo co seguinte baremo:*
  - 1. A maior adicación de recursos humanos ao proxecto: ata 2 puntos.*
  - 2. A maior adicación de recursos técnicos ao proxecto: ata 2 puntos.*



3. A maior consecución de recursos para a execución do proxecto: ata 2 puntos.

- Valorarase cun máximo de 5 puntos a achega financeira da entidade ó proxecto, aplicando a seguinte regra:
  1. Non se contempla achega financeira da entidade: 0 puntos.
  2. Achegas entre o 1% e o 20% do importe do proxecto: 1 punto.
  3. Achegas entre o 21% e o 40% do importe do proxecto: 2 puntos.
  4. Achegas entre o 41% e o 80% do importe do proxecto: 4 puntos.
  5. Achegas superiores ao 81% do importe do proxecto: 5 puntos

2.- Criterios relacionados co contido do proxecto: ata 20 puntos, desagregados segundo os epígrafes seguintes:

- Coherencia dos obxectivos coa problemática presentada ..... Máximo: 2 puntos.
- Accións que se van desenvolver e prazo de execución. Coherencia na programación temporal. .... Máximo: 3 puntos.
- Financiamento. Coherencia das partidas orzamentarias cos obxectivos de proxecto ..... Máximo: 3 puntos.
- Poboación beneficiaria (descrición precisa dos/as destinatarios/as, criterios de determinación e análise da súa vulnerabilidade, grao de participación nas distintas fases do proxecto). Valorarase o custo medio do proxecto en relación co número de persoas beneficiarias..... Máximo: 5 puntos.
- Valorarase a presentación conxunta de solicitudes por calquera tipo de fórmula de agrupación de entidades..... Máximo: 5 puntos.
- Valorarase a incorporación da perspectiva de xénero en todas as fases do proxecto..... Máximo: 2 puntos.

3.- Carácter innovador do proxecto: ata un máximo de 5 puntos, valorando:

- Metodoloxía empregada..... Máximo: 3 puntos.
- Incorporación de novas tecnoloxías..... Máximo: 2 puntos.

Serán excluídas as solicitudes que non acaden un mínimo de 7 puntos nos contidos do apartado 1 e un mínimo de 20 puntos na suma de todos os criterios.

#### BASE Décima.– Instrucción e resolución do procedemento

A instrucción do procedemento de concesión das subvencións corresponderá ao/á funcionario/a técnico/a que se designe do Departamento de Política de Benestar que, de oficio, examinará as solicitudes e a documentación anexa e realizará todas as actuacións que sexan necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos a ter en conta na súa avaliación e resolución, incluíndo a petición dos informes que, de ser o caso, se estimen necesarios.

*Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados no artigo 70 da LRX-PAC, ou non se acompañe a documentación que de acordo con estas Bases resulte esixible, requirirase ao interesado para que no prazo de 10 días hábiles emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así nono fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da citada Lei.*

*Durante o proceso de valoración das solicitudes poderase citar ás entidades e asociación para clarificar ou ampliar aspectos técnicos da solicitude, dirixindo os oportunos requirimentos ao enderezo de correo electrónico que para estes efectos se indique na solicitude.*

*A Xunta de Goberno Local, por proposta do órgano instructor e previo informe da Comisión de Avaliación, resolverá motivadamente conceder ou denegar as solicitudes de subvención presentadas e admitidas.*

*O expediente de concesión de subvención conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.*

#### BASE Décimo primeira.- Publicidade

*- Publicidade da convocatoria e das Bases reguladoras:*

*Unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local, esta convocatoria, coas Bases reguladoras da concesión das axudas, será publicada no correspondente diario oficial (BOP), anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada e na paxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).*

*As Bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus Anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas de Política de Benestar e a través da web municipal.*

*- Publicidade das subvencións concedidas:*

*As axudas que se concedan ao abeiro das presentes Bases e convocatoria serán publicadas no BOP cando a súa contía sexa igual ou superior a 3.000 €, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. A publicidade das de contía inferior á indicada realizarase unicamente na web do Concello.*

*- Publicidade do financiamento público:*

*As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en todas as actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Política de Benestar – Concello de Vigo”.*

#### BASE Décimo segunda.- Composición e funcións da Comisión de Avaliación

*A Comisión de Avaliación estará integrada pola Concelleira de Política de Benestar, en calidade de presidenta e, como vogais da mesma, o xefe de área, a xefa do servizo e un/ha funcionario/a do Departamento de Política de Benestar designado/a para o efecto, actuando un deles como secretario/a.*

Á vista do actuado polo órgano instructor, a Comisión emitirá informe concretando o resultado da avaliación realizada.

#### BASE Décimo terceira.- Prazo de resolución e notificación. Recursos

O prazo para a resolución do expediente será de 4 meses como máximo, desde o último día fixado para a presentación das solicitudes no Rexistro xeral. A resolución será notificada a todos os interesados na forma prevista na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

O transcurso dese prazo máximo sen que se teña notificado a resolución expresa, lexitimarás ós interesados para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión da subvención.

A resolución da Xunta de Goberno Local esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición perante ese mesmo órgano no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ao da notificación, de acordo cos artigos 116 da LRX-PAC e 8.1 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

#### BASE Décimo cuarta.- Obrigas dos beneficiarios

A concesión das subvencións ás entidades beneficiarias implica a asunción de todas as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións públicas a entidades sen ánimo de lucro. En concreto, obríganse especificamente a:

- Realizar o proxecto ou actividade que fundamenta a concesión da subvención.
- Empregar a lingua galega na realización das actividades.
- Xustificar a aplicación dos fondos recibidos dentro dos prazos establecidos, así como á realización da actividade e ao cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención.
- Colaborar coas actuacións de comprobación e información, quedando obrigadas a facilitar a tarefa de seguimento durante o período contemplado na presente convocatoria.
- Dispoñer da documentación contable que lles sexa esixida polos órganos de fiscalización e facilitala para garantir as facultades de inspección e control.
- Declarar as subvencións recibidas do Concello e doutros entes públicos ou privados.
- Facer constar nos materiais de difusión e publicidade o apoio do Concello de Vigo- Política de Benestar, comprometéndose á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista.
- Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- Cumprir coas demais obrigas consignadas nos artigos 14 da LXS e 11 da LSG.

#### BASE Décimo quinta.- Prazo e forma de xustificación

Unha vez notificada a resolución da concesión da subvención procederase á xustificación e pagamento na forma que se indica a continuación.

A xustificación das axudas deberase presentar no Rexistro xeral deste Concello, como máximo, ata o 31 de outubro de 2014. Con todo, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, poderá ser ampliado excepcionalmente e de forma motivada ese prazo, sempre de acordo coa

*normativa orzamentaria aplicable, as Bases de execución do orzamento e as normas xerais de peche do exercicio que se acorden.*

*En todo caso, a xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da LXS e 28 da LSG, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá Memoria de actuación e Memoria económica xustificativas.*

*A documentación para xustificar a subvención presentarse no Rexistro xeral e constará de tres partes:*

*1) Xustificación técnica: indicará, co máximo detalle, os obxectivos conseguidos, os resultados obtidos, as actividades realizadas, así como a análise de súa sustentabilidade futura e incluirá:*

- *Certificación da persoa que desempeñe a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ao fin destinado.*
- *Memoria de execución, por duplicado, dos obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinada pola persoa responsable do proxecto.*

*2) Xustificación económica: comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e realizarase mediante a forma de conta xustificativa. Presentarase utilizando o Anexo III, que inclúe:*

- a. Unha relación clasificada de gastos vinculados á subvención.*
- b. Facturas orixinais e documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, incorporados na relación anterior e polo importe subvencionado. As facturas quedarán a disposición do Concello de Vigo e non se admitirán aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD.1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento regulador da obrigas de facturación. Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, a non ser que se acredite, mediante declaración responsable, que a entidade está exenta de IVE ou non presenta declaración por este imposto.*
- a. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e procedencia.*
- b. Os documentos xustificativos deberán comprender os gastos vinculados de forma directa ao ano 2014.*
- c. Declaración responsable sobre os seguintes extremos:*
  - *Que os gastos son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.*
  - *Que a entidade fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Vigo.*
  - *Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.*
  - *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
  - *Que se atopa ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia e Tesourería da Seguridade Social.*

*Para posibilitar o control de concorrencia de subvencións, ou cando a entidade solicitante demande o orixinal presentado, as facturas e documentos poderán marcarse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para a que se presenta como xustificante e se o importe se imputa total ou parcialmente á mesma, indicando neste caso a contía exacta que resulte afectada. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado.*

*Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención en caso de que non se execute algunha das actividades previstas no proxecto ou de que se incumpra algunha das obrigas do beneficiario. Así mesmo, poderá reducirse a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores aos subvencionados ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.*

#### *BASE Décimo sexta.- Seguimento*

*O persoal técnico do Departamento de Política de Benestar será o encargado do seguimento da execución das subvencións así como de certificar a adecuada xustificación das mesmas mediante a emisión dun informe que se incorpora coa conta xustificativa e a documentación presentada, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento do obxecto da subvención e a conformidade cos documentos xustificativos presentados ou, de ser o caso, aquelas circunstancias que imposibilitan a súa aprobación.*

#### *BASE Décimo sétima.- Tratamento de datos de carácter persoal*

*Os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes Bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa vixente en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LRX-PAC e na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo, perante a que os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.*

#### *BASE Décimo oitava.- Norma final*

*En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigos 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto nas Bases, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, do 21 de xuño; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

## ANEXO I

<b>SOLICITUDE SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓN DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.</b>	<b>ANO: 2014</b>
---	------------------

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

NOME COMPLETO DA ENTIDADE				NIF	
<input type="text"/>				<input type="text"/>	
ENDEREZO				LOCALIDADE	
<input type="text"/>				<input type="text"/>	
CÓDIGO TAL	POS- PROVINCIA	TELEFONO	FAX	CORREO ELECTRONICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
DATA DE CONSTITUCIÓN			DATA E/OU NÚM. INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS MUNICIPAL		
<input type="text"/>			<input type="text"/>		

**RESPONSABLE DA ENTIDADE**

NOME E APELIDOS	DNI
<input type="text"/>	<input type="text"/>

**DATOS DO PROXECTO**

TÍTULO DO PROXECTO		
<input type="text"/>		
CUSTO TOTAL DO PROXECTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	% COFINANCIAMENTO POLA ENTIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**FINANCIAMENTO DO PROXECTO (EN €)**

	ENTIDADE	IMPORTE
1. CUSTO TOTAL		
2. SUBVENCIÓN SOLICITADA		
3. OUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS (EUROPEAS, ESTATAIS, AUTONÓMICAS, LOCAIS)		
4. ACHEGA PROPIA		
5. ACHEGAS PRIVADAS (IDENTIFIQUESE O ORGANISMO)		
6. OUTRAS PETICIÓN REALIZADAS PENDENTES DE RESPOSTA (INDTIFIQUESE ORGANISMO)		

**DATOS DA PERSOA RESPONSABLE DO PROXECTO**

NOME E APELIDOS		
<input type="text"/>		
ENDEREZO	TELEFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**DOCUMENTACIÓN**

1. Orixinal documento de formulación do proxecto

- Nome do proxecto
- Obxectivos e fins que persigue
- Actividades a realizar
- Número aproximado de persoas que se benefician e para os que se destina o proxecto.
- Calendario de actividades
- Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización do actividade ou proxecto.

2. Documentación administrativa:

a) certificación asinada polo/a secretario/a da entidade relativa a:

- Á representación da persoa responsable legal da entidade. Á falta de certificación do/a secretario/a, presentarase poder bastante sobre a representación para o seu responsable.
- Acordo adoptado pola entidade para solicitude da subvención.
- Que dispón de sede central ou delegación permanente en Vigo.
- Á composición do órgano de goberno da entidade (as renovacións ou modificacións da súa composición deben ser notificadas, especialmente no que atinxe aos postos de representante legal e secretario/a)
- NIF da entidade.
- Nº de socios da asociación.

b) Declaración responsable do/a representante legal da entidade en que se faga constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o modelo que figura como anexo II.

c) Declaración responsable do/a representante legal da entidade en que se faga constar estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatais, autonómicas e locais, e coa Seguridade Social, segundo o modelo que figura como anexo II.

d) Declaración responsable do/a representante legal da entidade na que se indiquen outras axudas solicitadas a entidades públicas ou privadas para mesma finalidade segundo o modelo que figura como anexo II.

e) Cando varias entidades se agrupen para realización dun proxecto, deberán xuntar o acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais, así como o documento da designación do representante común.

SINATURA DO/A SOLICITANTE

Lugar e data

	a	de	de
--	---	----	----

## ANEXO II

<b>SOLICITUDE SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.</b>	<b>ANO:</b>
--	-------------

### 1. FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

DATOS DA CONTA DO/DA SOLICITANTE DA AXUDA

NOME DA ENTIDADE BANCARIA

--

Nº DE CONTA BANCARIA

--

### 2. DECLARACIÓN

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que son certos os datos consignados na solicitude e acepto someterme ás normas das convocatorias, facilitar a información e documentación que se solicite, e permitir e facilitar o labor do persoal encargado de avaliar a solicitude.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que a entidade que represento non se atopa incurso/a en ningunha causa de prohibición para obter a condición de beneficiario/a segundo a establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que a entidade que represento atopase ao día no cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais, e coa Seguridade Social, e que non é debedora por resolución de procedencia de reintegro.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que a esta entidade SI / NON se lle concederon outras subvencións para a mesma finalidade:

<i>Relación de axudas solicitadas: Organismos públicos e entidades privadas (indicar procedencia)</i>	<i>Importe</i>

SINATURA DO/A SOLICITANTE

Lugar e data

	a	de	de
--	---	----	----





<b>SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓN DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.</b>	<b>ANEXO III (segue)</b>
--	--------------------------

Nóminas presentadas como xustificación:

TRABALLADOR	NÓMINA MES	BRUTO NOMINA	S.S. EMPRESA	COSTRE TRABALLADOR

b) Que os gastos que arriba se detallan, son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.

c) Que a Entidade fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Vigo.

d) A esta entidade SI/ NON se lle concederon outras subvencións para a mesma finalidade.

<i>Relación de axudas concedidas: Organismos públicos e entidades privadas (indicar procedencia)</i>	<i>Importe</i>

<b>SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓN DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.</b>	<b>ANEXO III (segue)</b>
--	--------------------------

e) Respecto á actividade realizada, o importe das subvencións concedidas das diversas institucións non superaron o importe total dos gastos realizados, sendo destinadas tódalas achegas á actividade subvencionada.

f) Que a actividade foi realizada de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención, e que o custo total de dita actividade foi de \_\_\_\_\_ €

g) Que se acompañan as **facturas orixinais** e documentos con valor probatorio equivalente, esixidas na Base 15ª. Terase en conta como importe xustificativo a base impositiva do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite que a entidade está exenta de IVE ou non presenta declaración por este imposto.

Esta entidade **SI / NON** está obrigada a presentar declaración por IVE.

h) Que os gastos que constituen rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, foron practicados, declarados, liquidados e ingresados na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

i) Que a asociación está actualmente ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Vigo

---

**SINATURA DO/A SECRETARIO/A OU PERSOA RESPONSABLE DA ENTIDADE**

Lugar e data

	a	de	de
--	---	----	----

## GUIÓN A SEGUIR PARA MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO

### A. SOBRE A ENTIDADE

---

#### 1. Datos da entidade solicitante

Nome da entidade, NIF, natureza xurídica (asociación, cooperativa, fundación, federación...), número de Rexistro de Entidades, horario habitual de atención, persoa responsable do proxecto.

#### 2. Ámbito prioritario de intervención da entidade.

Temático, poboacional ou por destinatarios (Acción social, familias, nenos, xente maior, persoas recen chegadas, poboación con necesidades específicas, poboación en xeral...)

#### 3. Principais proxectos e/ou servizos desenvolvidos.

#### 4. Recursos técnicos e materiais.

Recursos humanos (profesionais asalariados/colaboradores/voluntarios); equipamentos ou espazos propios e outros)

### B. SOBRE O PROXECTO PRESENTADO A SUBVENCIÓN

---

**5. Identificación.**

Denominación, modalidade ou ámbito temático prioritario que aborda, lugar de realización da actividade ou servizo, persoas destinatarias, outras entidades colaboradoras, data de inicio e data de finalización.

**6. Breve descripción.**

Resumo do proxecto, antigüidade do proxecto, orixe da idea, significación dentro da entidade ou do equipo de traballo, expectativas, oportunidade de desenvolvemento, etcétera.

**7. Finalidade o proxecto.**

Situación sobre a que se require intervir, o reto do proxecto.

**8. Obxectivos.**

Obxectivo xeral (acción xenérica que da sentido ao proxecto), obxectivos específicos (accións concretas, e ben definidas, que se queren alcanzar).

**9. Resultados esperados.**

O impacto concreto que terá a vosa acción unha vez levada a cabo. Sistemas de seguimento e avaliación previstos.

**10. Recursos mínimos necesarios para desenvolver o proxecto.**

Humanos (número de persoas que colaborarán no proxecto) infraestructuras (locais, instalacións, equipos técnicos), materiais (o que teredes que alugar ou comprar, funxible ou non), económicos (capital mínimo para poder executar o proxecto).

**11. Plan de viabilidade económica do proxecto.**

Gastos previstos, por tipoloxías (en recursos humanos, en material, en transporte, en infraestructuras, en viaxes e desprazamentos, en aloxamento, en dietas, en seguros, en publicidade e outros). Total de gastos previstos.

Ingresos previstos (os aportados pola entidade, esta subvención, outras subvencións previstas, outros). Total de ingresos previstos.

**12. Plan de comunicación e publicidade.**

Productos que se previron (carteis, dípticos, trípticos ou outros programas de mao, bandeiras, web, outros medios de difusión). Campañas ou accións concretas de difusión.

**13. Fases do proxecto (actividades relevantes e calendario básico).**

Fases (denominación e breve descripción de cada unha), actividades relevantes de cada fase (breve descripción do que vai pasar), calendario básico (datos do inicio e de finalización da cada actividade descrita).

**RENUNCIA**

SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.

ANO: 2014

NOME COMPLETO DA ENTIDADE

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

TELEFONO

FAX

CORREO ELECTRONICO

RESPONSABLE DA ENTIDADE

NOME E APELIDOS

DNI

En relación á resolución pola que se nos concedeu unha subvención por importe de \_\_\_\_\_ euros para levar a cabo a actividade denominada

\_\_\_\_\_, esta entidade decidiu RENUNCIAR á mesma polos seguintes motivos:

SINATURA DO/A SECRETARIO/A OU PERSOA RESPONSABLE DA ENTIDADE

Lugar e data

	a	de	de
--	---	----	----

**3(181).- EXCLUSIÓN DE OFERTA E NOVO REQUERIMENTO NO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA DE SEGURIDADE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE EN CENTROS E ACTIVIDADES DA REDE MUSEÍSTICA E EXPOSITIVA. EXPTE. 457/341.**

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 12.02.14, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Excluir a oferta presentada pola Compañía de Protección y Vigilancia Galaica, S.A., do procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia de seguridade e mantemento de instalacións de seguridade en centros e actividades da Rede Museística e Expositiva. (expediente 457-341) por terse verificado que esta incursa na prohibición para contratar co concello de Vigo prevista

no artigo 60 apartado 1 d) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público xa que non se atopa ao corrente das obrigas tributarias con este concello tanto no momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas como na data que rematou o prazo para presentar a documentación que se lle requeriu por se-lo licitador clasificado en primeiro lugar.

SEGUNDO: Requirit ao licitador clasificado en segundo lugar Unión Temporal de Empresas formada por Sistemas de Seguridade A-1 y Servicios de Seguridade Integral e Mantementos A-1 S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación de dispor os medios persoais e materiais esixidos para a execución do contrato
- Resgardo da garantía definitiva.

TERCEIRO.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 641,78 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

#### **4(182).- TOMA DE RAZÓN DA CONSTITUCIÓN DE SOCIEDADE PARA A EXPLOTACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO POLIDEPORTIVO DE NAVIA. EXPTE. 12242/333.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 28.02.14, conformado pola concelleira delegada de Contratación e fiscalizado polo interventor xeral, que di o seguinte:

##### *LEXISLACIÓN APLICABLE*

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (PCAP).*

##### *ANTECEDENTES*

*Primeiro(182).- En data 17 de decembro de 2013, D. Celso Piñeiro Malvar, en nome e representación de CIVISGLOBAL, S.L., presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello no*

que, tras manifestar que a súa representada es adxudicataria do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia, comunica a esta Administración a constitución dunha sociedade titular da concesión e solicita que o contrato se formalice coa mesma.

Axunta a súa solicitude copia da escritura de constitución da sociedade titular da concesión.

Segundo(182).- En data 17 de xaneiro de 2014, o servizo de contratación require a CIVISGLOBAL, S.L., a achega de documentación así como a realización de determinadas modificacións nos Estatutos da nova sociedade constituída, MQA NAVIA, S.L. Así, se lle solicita:

“1) Deberá achegar unha certificación do acordo do órgano de goberno de CIVIS GLOBAL, S.L., empresa adxudicataria do presente contrato, autorizando a constitución dunha sociedade limitada unipersonal, de acordo co compromiso vinculado a oferta realizada, e comprometéndose a garantir a solvencia económica e técnica da sociedade que se constitúe e a responder solidariamente con esta das actuacións desta última no ámbito das operacións relativas a execución do contrato durante o prazo concesional, circunstancias que deberán constar tanto na escritura de constitución da sociedade como nos Estatutos da nova sociedade.

2) Nos Estatutos de MQA NAVIA, S.L., deberá facerse constar:

1. A normativa á que está suxeita a sociedade que se crea con expresa mención ós pregos que rexen a concesión.
2. A duración da sociedade, que deberá coincidir co prazo concesional.
3. Que a sociedade non poderá disolverse nin liquidarse ata que se extinga o contrato concesional por calquera das causas enumeradas no TRLCSP ou no prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Que a personalidade xurídica da sociedade deberá permanecer invariable durante todo o período da duración do contrato, incluídas as prórrogas que puidesen acordarse.
5. Con respecto ó capital social deberá facerse constar a obriga de ampliar o capital social se se producen perdas acumuladas que deixen reducido o patrimonio neto contable a unha cantidade inferior á metade de dito capital social en, ó menos, aquel importe que permita evitar a disolución da sociedade prevista no artigo 363.1.e) do Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital.
6. A prohibición expresa de efectuar, sen a correspondente autorización do órgano de contratación, calquera das operacións societarias de transformación, absorción, escisión ou fusión reguladas nas lexislación aplicable.
7. Que se necesitará a autorización da Administración concedente para efectuar calquera modificación dos Estatutos.
8. A necesidade de recabar a autorización municipal para a transmisión das participacións sociais.
9. Que a sociedade deberá adoptar o modelo de contabilidade que se especifica no artigo 51 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a concesión.

Así mesmo deberán eliminarse do artigo 11º “Facultades de Administración” as letras ll, m e n, por canto son incompatibles co obxecto social que consiste na execución do contrato de servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do complexo polideportivo de Navia.

3) Deberá procederse a constitución da garantía definitiva por MQA NAVIA, S.L., podendo solicitar CIVIS GLOBAL, S.L., a devolución da inicialmente constituída”.

Terceiro(182).- En data 5 de febreiro de 2014, D. Celso Piñeiro Malvar, en nome e representación de CIVISGLOBAL, S.L., achega a seguinte documentación:

- Copia simple da escritura de modificación e refundición dos estatutos sociais de MQA NAVIA, S.L.
- Certificación do acordo do órgano de goberno de CIVIS GLOBAL, S.L., autorizando a constitución dunha sociedade limitada unipersoal e garantindo a súa solvencia económica e técnica, e comprometéndose a responder solidariamente das actuacións da mesma durante a duración do contrato.

Cuarto(182).- En data 7 de febreiro de 2014, MQA NAVIA, S.L., presenta aval por importe de 303.300 euros en concepto de garantía definitiva.

Quinto(182).- En datas 14 e 28 de febreiro de 2014, MQA NAVIA, S.L., presenta as pólizas dos seguros de responsabilidade civil e de todo risco para la construcción concertadas, así como as declaracións da aseguradora esixidas na cláusula 23.3 do PCAP.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro(182).- En data 8 de agosto de 2013, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Contratar a xestión de servizos públicos con execución de obra, na modalidade de Concesión para o novo complexo deportivo de Navia, en base o acordo plenario de data 26 de novembro de 2012 sobre a forma de xestión do complexo deportivo. a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria sendo aplicable para a adxudicación a valoración a través de múltiples criterios. Este contrato está sometido a regulación harmonizada e é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

SEGUNDO: Aprobar os pregos de prescricións técnicas particulares redactado polo Director Deportivo, Xefe da Unidade Técnica con data 17 de xuño de 2013 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral do Departamento de contratación de data 6 de agosto de 2013, para a contratación da a xestión de servizos públicos con execución de obra, na modalidade de Concesión para o novo complexo deportivo de Navia”.

Segundo(182).- En data 22 de novembro de 2013 a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, adoptou, a proposta da Mesa de Contratación, o seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L., o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242-333) por un prazo concesional de 49 anos e un canon de 9.100 euros/ano, sendo o prezo global do proxecto de 8.767.908,48 (sendo a cota correspondente o IVE de 1.521.703,13 €) e coas seguintes prestacións accesorias:

- Destinará ó investimento inicial en equipamento deportivo o importe de 976.000 euros, IVE excluído, sendo o importe correspondente o IVE de 204.960 euros.
- O prezo do abono individual adulto, calculado para 1 mes (sen aplicar matrícula en caso de existir) é de 36,35 euros IVE incluído.



*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

*Terceiro(182).- O PCAP que rexe o contrato que nos ocupa prevé a posibilidade de que os licitadores poidan constituír unha sociedade para a execución do contrato, que será a titular da concesión. Os licitadores que opten pola constitución da mesma lles impón a obriga de achegar no sobre da documentación persoal da súa oferta o compromiso de constitución xunto coa relación de promotores da futura sociedade concesionaria e características da mesma tanto xurídicas como financeiras (cláusula 14.a).4º PCAP).*

*CIVISGLOBAL, S.L., axuntou na súa oferta este compromiso de constitución da sociedade no que se describen as características xurídicas e financeiras da mesma, documento que se axunta como anexo I ó presente informe. Posteriormente achegou copia da acta do acordo adoptado polo consello de administración do adxudicatario CIVIS GLOBAL, S.L, en data 27 de novembro de 2013, de “Autorización para la constitución de una sociedad de responsabilidad limitada unipersonal denominada MQA NAVIA, S.L.U., con un capital social inicial de 30.000 euros, participada por un socio único, CIVIS GLOBAL, S.L. (...)”, documento que se inclúe como anexo II deste informe.*

*Cuarto(182).- O PCA consigna na súa cláusula 55ª, entre as obrigas do concesionario, as características que debe cumprir a sociedade titular da concesión no caso de que se constituía, as cales se reproducen a continuación:*

*“e) Sobre a constitución da sociedade titular da concesión, no caso de que o licitador tivese manifestado o compromiso de constituíla de resultar adxudicatario:*

- a. A sociedade que será a titular da concesión deberá ser constituída no prazo dun mes dende a notificación da adxudicación e con carácter previo a formalización do contrato.*
- b. Esta sociedade deberá cumprir cos seguintes requisitos:*
  - 1. Adoptar a forma societaria de sociedade de responsabilidade limitada ou sociedade anónima.*
  - 2. Ter o seu domicilio social en Vigo.*
  - 3. O obxecto social da sociedade consistirá exclusivamente na xestión da presente concesión.*
  - 4. A personalidade xurídica da sociedade deberá permanecer invariable durante todo o período da duración do contrato, incluídas as prórrogas que puidesen acordarse, recollendo nos seus estatutos sociais a prohibición expresa de efectuar, sen a correspondente autorización do órgano de contratación, calquera das operacións societarias de transformación, absorción, escisión ou fusión reguladas nas lexislación aplicable.*
  - 5. A sociedade concesional deberá adoptar o modelo de contabilidade que se especifica neste prego.*

*A sociedade non poderá disolverse nin liquidarse ata que se extinga o contrato concesional por calquera das causas enumeradas no TRLCSP ou no presente prego”.*

*Da copia da escritura de constitución da sociedade titular da concesión, que se incorpora o presente informe como Anexo III, se deduce que a citada sociedade cumpre cos citados requisitos.*

*Quinto(182).- CIVIS GLOBAL, S.L, no citado acordo do consello de administración de data 27 de novembro de 2013 (Anexo II) manifesta que “CIVIS GLOBAL, S.L, garantizará a solvencia económica y técnica de MQA NAVIA, respondiendo solidariamente de las actuaciones de dicha*

sociedad en la ejecución del contrato durante la duración de la concesión (incluidas sus prórrogas en el caso de que existan)”

Sexta(182).- A cláusula 23 do PCAP impón ó concesionario o deber de asegurar todos os riscos derivados da execución do contrato, incluídos os danos derivados dos defectos do proxecto no seu apartado 1, concretando no apartado 2 os seguros a contratar:

- Un contrato de seguro a todo risco de construción para a fase de execución das obras e cuxa suma asegurada non sea inferior o orzamento de execución da inversión.
- Un contrato de seguro de responsabilidade civil, no cal o capital asegurado non sexa inferior a 2.000.000,00 de euros. Nesta póliza deberán cubrirse os danos e prexuízos que se causen a terceiras persoas como consecuencia da execución dos traballos e actividades obxecto do presente contrato.
- Un seguro de danos que cubra os riscos de todo tipo que podan afectar a obra, instalacións e equipamentos existentes no complexo deportivo de Navia durante o período de explotación. Esta póliza de seguro cubrirá a totalidade dos bens que puideran ser entregados o Concesionario polo Concello, así como a totalidade dos bens e instalación incorporadas o servizo polo concesionario.

A cláusula 24 determina a obriga do concesionario de acreditar o cumprimento desta circunstancia achegando con carácter previo á formalización do contrato copia das pólizas de seguro previstas na cláusula 23ª.

Así mesmo, consonte a cláusula 23.3 “ Será necesario que o concesionario achegue unha declaración da súa aseguradora na que se manifieste que as coberturas das pólizas son suficientes para facer fronte a todos os riscos derivados da execución deste contrato”.

MQA NAVIA, S.L.U., en datas 14 e 28 de febreiro de 2014, axunta a seguinte documentación:

- Póliza de seguro de responsabilidade civil por un importe de 3 millóns de euros concertado coa compañía AXA SEGRUOS GENERALES, S.A.
- Póliza de seguro de todo o risco para a construción por importe de 6.772.590, 36 euros, importe que coincide co presuposto da obra, concertado coa compañía FIATC, SEGUROS.
- Declaración do corredor de seguros STANDAR COVER, S.L., manifestando que as pólizas contratadas son, dende o seu punto de vista, “suficientes y adecuadas para el riesgo de responsabilidad civil que se pueda derivar en la ejecución de esa obra”.
- Declaración de GUIPUZCOANO CORREDERÍA DE SEGUROS, S.A., manifestando que a póliza contratada por MQA NAVIA VIGO, S.L., “es una póliza estándar del mercado cuyos límites de indemnización y franquicias se han adaptado al riesgo para la que ha sido contratada”

Sétimo(182).- Tendo en conta as seguintes premisas:

- Que o PCAP que rexe a concesión que nos ocupa prevé a constitución dunha sociedade titular da concesión, regulando na cláusula 55ª as características que debe cumprir a mesma, condicións que reúne MQA NAVIA, S.L.U., a teor do contido dos seus estatutos.
- Que a sociedade adxudicataria CIVIS GLOBAL, S.L, garante a solvencia económica e técnica de MQA NAVIA, S.L.U., comprometéndose a responder solidariamente das actuacións da mesma na execución do contrato durante a duración da concesión.

- Que a sociedade MQA NAVIA, S.L.U., axuntou a garantía definitiva que responde do cumprimento do contrato (anexo IV), así como copia das pólizas de seguro concertadas.

A xuízo da informante non existe óbice para acceder ó solicitado por CIVIS GLOBAL, S.L, e autorizar a formalización do contrato a favor de MQA NAVIA, S.L.U.

Oitavo(182).- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º(182).- Tomar razón da constitución da sociedade MQA NAVIA, S.L., por parte da empresa CIVIS GLOBAL, S.L., adxudicataria do procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242-333), co obxecto de ser a titular desta concesión.

2º(182).- Autorizar a formalización do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia coa sociedade MQA NAVIA, S.L.”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(183).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2013. EXPTE. 5495/335.**

Mediante providencia de data 25.02.14, en cumprimento do establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de vigo para 2013, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos dá conta á Xunta de Goberno local dos contratos tramitado spolo réxime de gasto menor no Servizo de Festas durante o mes de decembro de 2013, que son os seguintes:

*Expte:* 5342/335. CONTRATACIÓN DOS OBRADOIROS “MUNDO XURÁSICO” PARA O NADAL 2013

*Decreto concelleiro data:* 19/12/2013

*Informe Intervención:* RCM 86225

*Adxudicatario:* EVENTOS NATURALES SL

*Importe total:* 15.000,00 EUROS

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **6(184).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE XANEIRO DE 2014. EXPTE. 5496/335.**

Mediante providencia de data 25.02.14, en cumprimento do establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de vigo para 2013, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos dá conta á Xunta de Goberno local dos contratos tramitado spolo réxime de gasto menor no Servizo de Festas durante o mes de xaneiro de 2014, que son os seguintes:

Expte: 5359/335. CONTRATACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS CON MOTIVO DO PARQUE INFANTIL DO NADAL 2014

Decreto concelleiro data: 02/01/2014

Informe Intervención: RCM 1776

Adxudicatario: PEDRO MURCIEGO DELGADO

Importe total: 1.875,50 EUROS

Expte: 5360/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN “INCHABLES” PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL 2014

Decreto concelleiro data: 02/01/2014

Informe Intervención: RCM 1774

Adxudicatario: DIVERNENO VIGO SL

Importe total: 3.920,40 EUROS

Expte: 5361/335. CONTRATACIÓN DAS ANIMACIÓNS “ESCOLA DE ROCK” E “INSTRUMENTOS INFANTÍS” PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL 2014

Decreto concelleiro data: 02/01/2014

Informe Intervención: RCM 1775

Adxudicatario: BARAFUNDA SL

Importe total: 9.994,60 EUROS

Expte: 5362/335. CONTRATACIÓN DA ACTIVIDADE “VIGODANCE” PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL 2014

Decreto concelleiro data: 02/01/2014

Informe Intervención: RCM 1777

Adxudicatario: DÍAZ & NGUNDI SL

Importe total: 1.210,00 EUROS

Expte: 5363/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN “PONTE TIBETANA” E DA DECORACIÓN CON GLOBOS PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL 2014

Decreto concelleiro data: 02/01/2014

Informe Intervención: RCM 1779

Adxudicatario: PLUSSPORTS SL

Importe total: 5.885,00 EUROS

Expte: 5364/335. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS E OBRADOIROS DE MONICRQUES PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL 2014

Decreto concelleiro data: 02/01/2014

Informe Intervención: RCM 1780

Adxudicatario: KUKAS PRODUCCIÓNS ARTÍSTICAS SL

Importe total: 7.200,00 EUROS

Expte: 5365/335. CONTRATACIÓN DA ACTIVIDADE “DIDICAR” PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL 2014

Decreto concelleiro data: 03/01/2014

Informe Intervención: RCM 1778

Adxudicatario: TOYCY TOYS SL

Importe total: 2.854,27 EUROS

Expte: 5366/335. CONTRATACIÓN DA SEGURIDADE E LIMPEZA DO RECINTO PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL 2014

Decreto concelleiro data: 03/01/2014

Informe Intervención: RCM 1781

Adxudicatario: CONGREVIGO SL

Importe total: 7.934,48 EUROS

Expte: 5367/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL 2014

Decreto concelleiro data: 03/01/2014

Informe Intervención: RCM 1782

Adxudicatario: ELVIRA ZAPATA VILA

Importe total: 9.695,61 EUROS

Expte: 5368/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN DO MATERIAL GRÁFICO PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL 2014

Decreto concelleiro data: 03/01/2014

Informe Intervención: RCM 1784

Adxudicatario: ECOVIGO PUBLICIDAD SL

Importe total: 4.397,14 EUROS

Expte: 5370/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE LOVE OF LESBIAN

Decreto concelleiro data: 03/01/2014

Informe Intervención: RCM 1812

Adxudicatario: SWEET NOCTURNA SL

Importe total: 19.010,31 EUROS

Expte: 5371/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA DO CONCERTO DE LOVE OF LESBIAN

Decreto concelleiro data: 03/01/2014

Informe Intervención: RCM 1808

Adxudicatario: ELVIRA ZAPATA VILA

Importe total: 10.836,76 EUROS

Expte: 5372/335. CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DO ESPECTÁCULO “LOS MISERABLES”

Decreto concelleiro data: 03/01/2014

Informe Intervención: RCM 1809  
Adxudicatario: BARAFUNDA SL  
Importe total: 9.994,60 EUROS

Expte: 5373/335. CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN DO SISTEMA DE APERTURA DO TELÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1810  
Adxudicatario: TECESA SLU  
Importe total: 437,29 EUROS

Expte: 5374/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN “A VOLTA AO MUNDO EN 80 DÍAS” PARA A CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1811  
Adxudicatario: ASOCIACIÓN DE CARNAVALES DE MAÑUFE  
Importe total: 2.800,00 EUROS

Expte: 5375/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN “VIAXES EXTRAORDINARIAS” PARA A CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1813  
Adxudicatario: TROULA ANIMACIÓN SLU  
Importe total: 3.630,00 EUROS

Expte: 5376/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN “NO FONDO DO MAR” PARA A CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1815  
Adxudicatario: CREACIONES LEAL SL  
Importe total: 4.876,30 EUROS

Expte: 5377/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN “20.000 LEGUAS EN VIAXE SUBMARINA” PARA A CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1816  
Adxudicatario: BARAFUNDA SL  
Importe total: 5.687,00 EUROS

Expte: 5378/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN “O MUNDO DE JULIO VERNE” PARA A CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1817  
Adxudicatario: IMAXINERÍA SL  
Importe total: 6.000,00 EUROS

Expte: 5379/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN “DINOSAUROS” PARA A CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1818  
Adxudicatario: DAEGA PROTOCOLO Y EVENTOS SLU  
Importe total: 10.890,00 EUROS

Expte: 5380/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN “VIAXE AO CENTRO DA TERRA” PARA A CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1819  
Adxudicatario: FUNDACIÓN IGUALARTE  
Importe total: 6.500,00 EUROS

Expte: 5381/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN “DONO DO MUNDO” PARA A CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1814  
Adxudicatario: RIVEL ANIMACIÓN SL  
Importe total: 4.537,50 EUROS

Expte: 5382/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN “MIGUEL STROGOFF” PARA A CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1825  
Adxudicatario: LA FIESTA ESCÉNICA SL  
Importe total: 4.900,00 EUROS

Expte: 5383/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN DE CABALOS E XINETES PARA A CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1820  
Adxudicatario: BENITO CONRADO PÉREZ MARTÍNEZ  
Importe total: 4.840,00 EUROS

Expte: 5384/335. CONTRATACIÓN DE AUTOMÓBILES ANTIGOS PARA A CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1821  
Adxudicatario: CLUB GALLEGO DE AUTOMÓVILES ANTIGUOS  
Importe total: 2.000,00 EUROS

Expte: 5385/335. CONTRATACIÓN DA COORDINACIÓN DA MONTAXE E DESFILE DA CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1822 e 1823

Adxudicatario: FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO e AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVAS E CULTURAS DE VIGO  
Importe total: 15.000,00 EUROS

Expte: 5386/335. CONTRATACIÓN DA SEGURIDADE PARA A CABALGATA DE REIS 2014

Decreto concelleiro data: 03/01/2014

Informe Intervención: RCM 1823

Adxudicatario: MENKEEPER NORTE SL

Importe total: 12.094,19 EUROS

Expte: 5387/335. CONTRATACIÓN DA CARACTERIZACIÓN DOS REIS MAGOS E ATENCIÓN DOS NENOS EN CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2014

Decreto concelleiro data: 03/01/2014

Informe Intervención: RCM 1824

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL

Importe total: 7.174,65 EUROS

Expte: 5388/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE DE PALCO E DE INFRAESTRUTURAS NO PERCORRIDO DA CABALGATA DE REIS 2014

Decreto concelleiro data: 03/01/2014

Informe Intervención: RCM 1826

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL

Importe total: 12.428,03 EUROS

Expte: 5389/335. CONTRATACIÓN DAS MONTAXES DE VALOS DE SEGURIDADE, CONOS DE CORTE DE TRÁFICO, DOS TRANSPORTES DE REIS E DA DISTRIBUCIÓN DE CAMELOS POLA CABALGATA DE REIS 2014

Decreto concelleiro data: 03/01/2014

Informe Intervención: RCM 1828

Adxudicatario: AQUILINO MOLINA VALÍN

Importe total: 9.438,00 EUROS

Expte: 5390/335. CONTRATACIÓN DA MEGAFONÍA PARA A CABALGATA DE REIS 2014

Decreto concelleiro data: 03/01/2014

Informe Intervención: RCM 1829

Adxudicatario: SONIDO COLLAZO SL

Importe total: 5.566,00 EUROS

Expte: 5391/335. CONTRATACIÓN DO DESEÑO E MONTAXE DA CARROZA DA POLICÍA LOCAL PARA A CABALGATA DE REIS 2014

Decreto concelleiro data: 03/01/2014

Informe Intervención: RCM 1830

Adxudicatario: LA FIESTA ESCÉNICA SL

Importe total: 7.000,00 EUROS



Expte: 5392/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE FOTOGRÁFICA PARA A CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1831  
Adxudicatario: A. LUBIÁN FOTOGRAFÍA SL  
Importe total: 3.751,00 EUROS

Expte: 5393/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN DE MATERIAL GRÁFICO PARA A CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1832  
Adxudicatario: ECOVIGO PUBLICIDAD SL  
Importe total: 5.245,65 EUROS

Expte: 5394/335. CONTRATACIÓN DA DIFUSIÓN PUBLICITARIA TELEVISIVA DA CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1833  
Adxudicatario: TELECIDADE SA  
Importe total: 3.717,00 EUROS

Expte: 5395/335. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CAMELOS E GLOBOS PARA A CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1827  
Adxudicatario: EXCLUSIVAS VARELA VIGO SL  
Importe total: 10.549,23 EUROS

Expte: 5396/335. CONTRATACIÓN DO SEGURO DE ACCIDENTES PARA OS NENOS DAS CARROZAS MUNICIPAIS DA CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1834  
Adxudicatario: MAPFRE SEGUROS a través da CORREDURÍA DE SEGUROS ARTAI  
Importe total: 150,00 EUROS

Expte: 5397/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN DE GRUPO DE GAITAS PARA VISITAS A HOSPITAIS POLA CABALGATA DE REIS 2014  
Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1835  
Adxudicatario: WENCESLAO CABEZAS DEL TORO  
Importe total: 1.089,00 EUROS

Expte: 5398/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN, SEGURIDADE E LIMPEZA DO ESPECTÁCULO MARÍA FUMAÇA

Decreto concelleiro data: 03/01/2014  
Informe Intervención: RCM 1837  
Adxudicatario: CONGREVIGO SL  
Importe total: 12.584,00 EUROS

Expte: 5414/335. CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS POLA PROGRAMACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DE XANEIRO A MAIO  
Decreto concelleiro data: 17/01/2014  
Informe Intervención: RCM 8086  
Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL  
Importe total: 21.659,00 EUROS

Expte: 5415/335. CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO DOS EQUIPOS DE SON E IMAXE DO AUDITORÍO MUNICIPAL  
Decreto concelleiro data: 23/01/2014  
Informe Intervención: RCM 8088  
Adxudicatario: LUZ PUNTUAL SL  
Importe total: 1.779,18 EUROS

Expte: 5440/335. CONTRATACIÓN DO DITAME "ESCENARIO SITUACIÓN CONCESIÓN AUDITORÍO MAR DE VIGO"  
Decreto concelleiro data: 17/01/2014  
Informe Intervención: RCM 3214  
Adxudicatario: FUNDACIÓN DE INVESTIGACIÓN DE LA UNIVERSIDAD DE SEVILLA  
Importe total: 16.940,00 EUROS

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **7(185).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADO NO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS NO MES DE XANEIRO DE 2014. EXPTE. 305/330.**

Mediante escrito de data 28.02.14, en cumprimento do establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral en vigor, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos dá conta á Xunta de Goberno local dos contratos tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo da Área de Cultura, Festas e Museos durante o mes de xaneiro de 2014, que son os seguintes:

SERVIZO: Área de Cultura, Festas e Museos

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
-------	------	----------	-------------------------	--------------	---------	----------

303/330	21/01/14	Contratación dos servizos de xestión e mantemento anual de contidos relacionados coa programación e promoción cultural na web "vigocultura.org".	3340.227.99.00	8089	13.002,66 €	Hermes Sistemas, S.L.
304/330	21/01/14	Contratación dos servizos de xestión e mantemento anual de contidos relacionados coa programación e promoción da rede museística e expositiva do Concello de Vigo na web "vigocultura.org".	3330.227.99.00	9168	15.197,60 €	Hermes Sistemas, S.L.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **8(186).- NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2014/2015. EXPTE. 15833/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico superior de Educación, do 26.02.14, conformado polo concelleiro de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar as Normas para a adxudicación de prazas nas Escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2014/2015, conforme ao texto que se inclúe no expediente.

SEGUNDO.- Facultar ao concelleiro de Educación para que realice as xestións e resolucións oportunas en cumprimento das estipulacións e prazos incluídos nas citadas Normas.

#### NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2014-2015

##### *PRIMEIRA.- Obxecto*

*Estas normas teñen por obxecto regular o procedemento de adxudicación de prazas nas Escolas Infantís Municipais 0-3 (EIM) dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo para o curso 2014/2015 e establecer a convocatoria e calendario de solicitude.*

##### *SEGUNDA.- Requisitos para ser adxudicatario*

*Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatarios de prazas nas EIM:*

- 1. Que o neno/a teña a súa residencia en Vigo e teña nacido antes do vencimento do prazo establecido no punto 8.A.2 destas Normas.*
- 2. Idade do neno/a*
  - Ter unha idade mínima de tres meses na data de ingreso*

- *Non ter cumpridos 3 anos o 31 de decembro de 2014*  
*Este prazo poderase ampliar un ano máis para o alumnado das escolas con necesidades específicas de apoio educativo, logo da emisión do ditame do equipo de orientación específica da xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición das/dos nais/pais, ou tutores/as legais a través da escola onde renoven a praza, quen proporcionará á familia a información e orientación necesarias sobre o procedemento a seguir nestes casos.*
- 3. *Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.*
- 4. *No caso de integrarse nenas/os con necesidades específicas de apoio educativo, en ningún caso poderá haber máis dunha nena ou dun neno con estas necesidades por aula. Para efectos de ratio, estas prazas contabilizaranse como dúas.*

**TERCEIRA.- Criterios de prioridade para a adxudicación de prazas**  
 As prazas adxudicaránse por esta orde:

A) Reserva de praza

*Teñen preferencia as reservas de praza de nenos/as matriculados/as no curso 2013/2014, sempre que reúnan os requisitos establecidos nestas Normas e soliciten a reserva na mesma quenda.*

*Poderá reservarse praza noutro centro, por cambio de domicilio, cando existan prazas suficientes logo de rematado o proceso de renovación de praza do alumnado da propia escola.*

B) Novo ingreso

*Poderase solicitar praza en calquera das EIM de Vigo. Os/As solicitantes deberán, se é o caso, marcar por orde de preferencia dúas opcións como máximo. No caso de marcar máis dunha escola, só poderá facerse na mesma quenda en todas elas.*

*As prazas adxudicaránse por esta orde:*

1. *Os/as fillos/as do persoal que preste servizo na Escola Infantil Municipal na que solicitan praza e sexan nai, pai, titora ou titor legal.*
2. *Os/as irmáns/ás de alumno/a con praza (renovada ou de novo ingreso) na EIM para a que solicitan praza.*
3. *As prazas que queden vacantes adxudicaranse ós/ás solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no Anexo I destas Normas. Esta puntuación determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das dúas opcións solicitadas, así como para a lista de espera resultante.*

C) Solicitudes fóra de prazo

*Unha vez rematado o prazo de matrícula e asignadas as vacantes, de xeito extraordinario o período de solicitudes permanecerá aberto, con carácter xeral a partir do mes de setembro e ata o mes de febreiro de 2015, no caso de existiren prazas dispoñibles na aula e na escola onde se solicita a praza.*

**CUARTA.- Horario e calendario das EIM**

1. **Horario**

*As EIM, con carácter xeral, dispoñen dun horario continuo de 07.30 h a 20.00 h, dende o mes de setembro ata o mes de xullo, ambos inclusive.*

*Dentro deste horario de funcionamento, fíxase un horario de permanencia das cativas e cativos na escola:*

- ◆ *Permanecerase na escola un mínimo de 4 horas e un máximo de 8 horas.*

- ◆ *En casos extraordinarios o horario ampliarase ou reducirase, trala valoración técnica das circunstancias das e dos menores.*

*As/os usuarias/os dentro do horario de apertura do centro terán que optar polos seguintes quendas tendo en conta as horas máximas e mínimas permitidas:*

<i>QUENDA</i>	<i>Mañá</i>	<i>Tarde</i>	<i>Contínuo (*)</i>
<i>HORARIO</i>	<i>07:30 a 15:45 h.</i>	<i>16:00 a 20:00 h.</i>	<i>09:00 a 17:00 h</i>
<i>(*) Só dispoñible para a EIM COSTEIRA-SAIÁNS</i>			<i>10:00 a 18:00 h</i>

*Para posibilitar a boa marcha das escolas:*

- ◆ *A entrada pola mañá realizarase entre as 07:30 e as 09:00 horas.*
- ◆ *A saída do centro será entre as 15:30 e as 15:45 horas.*
- ◆ *Na EIM Costeira-Saiáns a hora de entrada prolongarase ata as 10:00 horas.*
- ◆ *A entrada pola tarde será as 16:00 horas.*
- ◆ *A quenda de mañán inclúe o servizo de comedor e a quenda de tarde o servizo de merenda*

## *2. Calendario*

*Os centros permanecerán abertos de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral, así declarados pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, en exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 1.31º do Real Decreto 1346/1989, do 3 de novembro (BOE do 7 de novembro) e as festas laborais de carácter local publicadas por resolución da antedita consellería, así como o Día do Ensino previsto no calendario oficial da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e asimesmo os días 24 e 31 de decembro*

*O curso escolar comenará o día 4 de setembro de 2014*

*O alumnado poderá asistir ao centro un máximo de 11 meses dentro do período de setembro de 2014 a 31 de xullo de 2015.*

### *2.1 Horarios especiais*

*Con motivo de desenvolver as sesións de traballo trimestrais do equipo educativo para a preparación da programación, as escolas infantís municipais pecharán as 19 h os días que propoña cada escola á aprobación do Consello Escolar.*

## *QUINTA.-Prestacións*

*A matriculación e tarifas inclúen en todos os casos os seguros obrigatorios, servizo de comedor e de orientación.*

## *SEXTA.- Prezos*

- Os prezos que deberán pagar os/as usuarias/os son os establecidos na Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das Escolas de primeira etapa de Educación infantil (Ordenanza nº 23 ano 2014), coas exencións e bonificacións nela contidas. Para o ano 2014 son as seguintes:*

<i>Renda per cápita mensual</i>	<i>Matricula</i>	<i>Mensualidade</i>
<i>Ata 306,25 €</i>	<i>Exento/a</i>	<i>Exento/a</i>

Ata 478,33 € familias numerosas	Exento/a	Exento/a
Entre 306,26 e 320,00€	24,8	24,8
Entre 320,01 e 391,00€	49,6	49,6
Entre 391,01 e 461,00€	74,4	74,4
Entre 461,01 e 534,00€	99,2	99,2
Mayor de 534,01 €	124	124

*Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado que só poida ser admitido polo Concello de Vigo en horario reducido e diferente do solicitado. Esta bonificación aplicarase durante o tempo no que persista esta situación excepcional.*

*As familias que non aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles, se é o caso, a cota máxima en concepto de matrícula.*

2. *A inasistencia da/o usuaria/o durante un período determinado, mentres non se formalice a baixa correspondente, non supón redución ningunha nin exención do pagamento do prezo establecido coas seguintes excepcións:*
  - a) *Cando a/o nena/o por motivos de saúde deixe de asistir ao centro temporalmente, neste caso, estarán exentos de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de comezo do período de ausencia. Esta suspensión temporal durará ata o día primeiro do mes natural en que a/o usuaria/o se reincorpore ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%. Nestes casos a solicitude de exención do pagamento, durante o período que corresponda, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Servizo Municipal de Educación.*
  - b) *Nos supostos das solicitudes formuladas fóra de prazo previstos nesta Norma, o aboamento do prezo será desde o mes no que se lle concede a praza*
3. *Ao longo do curso poderase proceder á revisión do prezo fixado inicialmente cando concurran e se xustifiquen algún dos seguintes casos:*
  - a) *A modificación nos ingresos dalgún membro da unidade familiar, modificación que teña, cando menos, unha duración de 4 meses para ser tidas en conta, xustificándose coa declaración do IRPF, certificado emitido pola Axencia Tributaria, nóminas ou certificado do INEM que acredite se é beneficiario/a de prestación de desemprego.*
  - b) *A variación no número de membros da unidade familiar.*

#### *SÉTIMA.- Renda per capita mensual*

1. *Para os efectos desta Norma, entenderase por renda per capita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.*

*Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e as/os fillas/os menores de dezaioito anos ou fillas/os maiores de dezaioito anos con un grao de discapacidade superior ao 33%. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per capita a que se refire o parágrafo anterior incrementárase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.*

2. *Para os efectos desta Norma, ten a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

*Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impoñibles a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarlles aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

OITAVA.- *Solicitudes e documentación*

A) SOLICITUDES

*As/os interesadas/os poderán solicitar unha praza a través dos modelos normalizados que serán facilitados no Servizo Municipal de Educación, nas Escolas Infantís Municipais: Santa Cristina, Atalaia, Santa Marta, Costeira, Tomás Alonso e Bouzas. Poderán tamén descargarse das páxinas web: [www.escolasvigo.org](http://www.escolasvigo.org) e [www.vigo.org](http://www.vigo.org).*

1.- *Solicitudes de renovación*

*O alumnado que xa estivese matriculado nas escolas o curso anterior, cumpra os requisitos de idade especificados, e se atope ó día no pago das cotas, manterá o seu dereito á praza para o curso 2014-2015 na quenda no que estivera matriculado no curso 2013-2014.*

*O prazo de renovación e entrega de documentación establécese do 14 de marzo ao 4 de abril de 2014*

2.- *Solicitudes de novo ingreso*

*As solicitudes conforme ao modelo normalizado, xunto coa documentación requerida presentaranse no Servizo Municipal de Educación ou na Escola Infantil Municipal na que solicita praza en primeira opción.*

*Con carácter extraordinario, permitirase solicitar praza as familias que teñan previsto o nacemento do/a seu/súa fillo/a antes do 21 de maio de 2014, data tope de nacemento para a súa posible admisión, sempre que presenten a solicitude de praza dentro dos prazos previstos nesta Norma.*

*O prazo de presentación de solicitudes establécese do 14 de marzo ao 4 de abril de 2014.*

3.- *Listas provisionais*

*Unha vez realizada a baremación farase pública a relación provisional de admisións e lista de espera, coa puntuación obtida.*

*Estas listas exporanse no taboleiro de anuncios das escolas infantís o día 30 de maio de 2014 e nas páxinas web: [www.escolasvigo.org](http://www.escolasvigo.org) e [www.vigo.org](http://www.vigo.org).*

4.- *Listas definitivas*

*Unha vez comprobadas as posibles reclamacións, éstas consideraranse resoltas coa publicación das listas definitivas nos lugares indicados en 8.A.3. a partir do día 23 de xuño de 2014*

5.- *Formalización de matrícula*

a) *Renovación alumnado do curso 2013-2014*

*O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o 1 ao 15 de xullo de 2014. Para confirmar a praza deberán obrigatoriamente formalizar o pago de matrícula establecida no Departamento de Recadación do Concello de Vigo e no prazo que se indica, ou caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.*

b) *Novo alumnado no curso 2013-2014:*

*O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o 1 ao 15 de xullo de 2014.*

*Durante este prazo as familias de nenas/nenos admitidas/os formalizarán a reserva de praza na escola onde obtivesen a praza, presentando o impreso de aceptación de praza debidamente cuberto e, de selo caso, formalizando o pago da ma-*

*trícula correspondente no Departamento de Recadación do Concello de Vigo, ou caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.*

## **B) DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE**

### **1.- Alumnado procedente do curso 2013-2014:**

*Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar xunto coa solicitude de renovación a fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar, certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria ou no caso de persoas desempregadas certificado do INEM que acredite se é beneficiario/a ou non de prestación de desemprego, e neste último caso acompañado de vida laboral.*

*Calquera outra documentación que acredite cambios na situación familiar anterior*

### **2.- Alumnado de novo ingreso:**

*As solicitudes de novo ingreso terán que presentarse acompañadas da documentación seguinte:*

- a) *Unha fotocopia simple do documento nacional de identidade ou doutro documento acreditativo da identidade das/dos nais/pais ou representantes legais, segundo proceda.*
- b) *Unha fotocopia simple do libro de familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar. Deberá acompañar á documentación que se achegue o orixinal no momento da solicitude.*

#### **c) Xustificación de ingresos:**

*Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.*

- d) *No caso de persoas desempregadas certificación do INEM que acredite se é beneficiario/a ou non da prestación de desemprego e neste último caso acompañado de vida laboral.*

*Naqueles casos, en que por distintas razóns, non se poidan acreditar as rendas das/os nais/pais por falta de acreditación documental será preciso un informe dos Servizos sociais.*

#### **e) OUTROS DOCUMENTOS, só para as familias que necesiten xustificar incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo:**

- *As responsabilidades familiares, no caso de que existan membros que, non formando parte da unidade familiar, estean a cargo dela, acreditaranse mediante informe dos Servizos sociais.*
- *O certificado do recoñecemento do grao de minusvalidez da nai, pai, titora ou titor legal e/ou outros membros da unidade familiar.*
- *A xustificación de ocupación actualizada (últimas nóminas, certificación de empresa, vida laboral).*
- *A condición de familia monoparental, entendida como a formada pola nai ou pai solteira/o que non manteñan relación de convivencia ou situacións de separación, divorcio ou viuvez, acreditarase mediante:*
  - *fotocopia compulsada do libro de familia*
  - *sentenza de separación/divorcio*
  - *convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais*
- *De carecer de acreditación documental dalgunha das incidencias alegadas neste epígrafe, poderase presentar informe dos Servizos sociais.*

*A falta de presentación dalgún destes documentos dentro do prazo de solicitude establecido suporá a renuncia implícita de ser valorado no epígrafe "situación socio-familiar" do baremo que se recolle no Anexo I*



#### *NOVENA.- Tramitación*

*O Servizo de Educación do Concello de Vigo, comprobará que as solicitudes reúnen os requisitos recollidos nesta Norma. De non ser así, requirirase a/o interesada/o para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese así, se terá por desistido da súa petición.*

*O Servizo Municipal de Educación poderá reclamar en calquera momento todos aqueles datos, e a súa debida acreditación documental, que coiden precisos para a máis eficaz realización do seu cometido*

#### *DÉCIMA.- Avaliación das solicitudes*

- 1. A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no ANEXO I desta Norma, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per capita máis baixa.*
- 2. Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase unha comisión de baremación e selección coa seguinte composición para cada Escola Infantil Municipal:*
  - Presidencia: O técnico responsable de escolas municipais do servizo de Educación.*
  - Vogais: o/a director/a do centro, o/a representante das/os nais/pais das/os nenas/os no Consello Escolar do Centro do que se estean a baremar as solicitudes, e un funcionario/a do servizo municipal de Educación, que actúa de secretario/a, nomeado polo concelleiro de Educación.*

*Os acordos tomaranse por maioría simple, e resolverá, en caso de empate, a presidencia.*
- 3. Unha vez baremadas as solicitudes, a comisión elevará a proposta de selección ao concelleiro de Educación que resolverá a lista provisoria de admitidos/as.*

*A relación provisoria de admitidas/os e lista de agarda, coa puntuación obtida, poderase consultar no Servizo Municipal de Educación, así como nas páxinas web: [www.escolasvigo.org](http://www.escolasvigo.org) [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e nas respectivas Escolas Infantís Municipais.*

#### *UNDÉCIMA.- Reclamacións*

*As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo dos dez días naturais posteriores á data da exposición pública da relación provisoria. Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.*

#### *DUODÉCIMA.- Relación definitiva de adxudicatarias/os de praza*

- 1. Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a relación provisoria, o concelleiro de Educación aprobará a relación definitiva de admitidas/os e a lista de agarda coa puntuación obtida, así como a cota mensual que corresponda aboar en cada caso. Desta resolución dará conta á Xunta de Goberno Local seguinte. Esta relación poderase consultar nos mesmos lugares que a relación provisoria.*
- 2. As/os solicitantes admitidas/os disporán dende o 1 ao 15 de xullo de 2014, ambos os dous incluídos, para matricularse presentando no centro onde obtivesen praza o recibo de pagamento da matrícula. Presentarán asemade nese momento certificado médico oficial.*

3. *A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza. Se non se realiza a matrícula da/o nena/o no prazo sinalado, considérase decaída/o na súa solicitude*
4. *Con carácter xeral, o prazo máximo para resolver o procedemento previsto nesta convocatoria será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da aprobación destas Normas. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas*

#### *DÉCIMO TERCEIRA.- Lista de agarda*

1. *A lista de agarda estará constituída polas/os solicitantes que non obteñen praza en ningunha das escolas solicitadas, ordenadas/os segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.*
2. *As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso en calquera das Escolas Infantís, serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as/os solicitantes en lista de agarda.*
3. *As/os solicitantes que obteñan praza e renuncien a esta, quedarán excluídos tamén da outra opción solicitada*

#### *DÉCIMO CUARTA.- Baixas*

1. *Causarase baixa nas escolas infantís por algunha das circunstancias seguintes:*
  - a) *Polo cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.*
  - b) *Pola solicitude das/os nais/pais ou representantes legais.*
  - c) *Polo non pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda. Sen prexuízo da reclamación da débeda polo procedemento regulamentariamente establecido.*
  - d) *Pola comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.*
  - e) *Pola incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.*
  - f) *Pola falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.*
  - g) *Polo reiterado incumprimento da puntualidade na asistencia e/ou recollida do/da menor sen causa xustificada.*
2. *As baixas motivadas polo establecido nas liñas e), f) e g), resolveraa a delegada da Área de Educación tralo informe da dirección do centro onde esté a/o nena/o matriculada/o e o informe técnico do Servizo de Educación municipal. Nos demais supostos aprobarase a baixa por resolución concelleira delegada de Educación.*
3. *As baixas producidas ao longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos cubriranse coas/os solicitantes que figuren en lista de agarda en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación.*

#### *DÉCIMO QUINTA.- Regulamento xeral*

*Estas normas serán de aplicación ao curso 2014-2015. No non recollido nas mesmas estarase ao disposto na lexislación xeral en materia de educación e ao Regulamento xeral da Rede de Escolas Infantís Municipais que, se é o caso, aprobe o Concello de Vigo.*

### **ANEXO I NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (EIM) PARA O CURSO 2014/2015**

#### **BAREMO**

BAREMO DE APLICACIÓN	PUNTOS
<i>SITUACIÓN ECONÓMICA (RPC mensual da unidade familiar referida ao IPREM vixente) (O IPREM ANUAL PARA 2014 É DE 7.455,14,-€)</i>	
<i>Inferior ao 30% do IPREM</i>	4
<i>Entre o 30% e o 50% do IPREM</i>	3
<i>Entre o 50% e o 75% do IPREM</i>	2
<i>Entre o 75% e o 100% do IPREM</i>	1
<i>Entre o 100% e o 125% do IPREM</i>	-1
<i>Entre o 125% e o 150% do IPREM</i>	-2
<i>Entre o 150% e o 200% do IPREM</i>	-3
<i>Superior ao 200% do IPREM</i>	-4
<i>SITUACIÓN LABORAL</i>	
<i>Situación laboral de ocupación:</i> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Nai</li> <li>• Pai</li> </ul> <i>Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílese á formada por dous membros.</i>	3 3
<i>Situación laboral de desemprego:</i> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Nai</li> <li>• Pai</li> </ul> <i>Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílese á formada por dous membros.</i>	2 2
<i>SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR</i>	
<i>Por cada membro da unidade familiar</i>	2
<i>Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta</i>	1
<i>No caso de que a/o nena/o para a/o que se solicita praza nacesse nun parto múltiple</i>	1
<i>Por cada membro da unidade familiar, afectado por minusvalía, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia</i>	2
<i>Por condición de familia monoparental</i>	3
<i>Por condición de familia numerosa</i>	3
<i>Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais</i>	6
<i>Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas:</i>	Ata 3
<i>SITUACIÓN RESIDENCIAL</i>	
<i>Alumnos/as domiciliados na zona (Distrito postal)</i>	2

**9(187).- SUBSANACIÓN DE ERRO E MODIFICACIÓN DO NÚMERO DE POSTOS DE OFICIAL ELECTRICISTA DA RELACIÓN DE PRAZAS A CONVOCAR PARA O PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL “VIGO EMPREGA 2014” . EXPTE. 10831/77.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 26.02.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*Con motivo da tramitación do expediente de convocatoria de selección de persoal para o programa de inserción laboral “VIGO EMPREGA”, se ten detectado un erro no número de postos a convocar na categoría de oficial electricista.*

*A Xunta de Goberno Local do 14 de febreiro de 2014 a proposta do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego no expte: 10654/77, aprobou o punto seguinte:*

*“1. Aprobar a convocatoria de contratación dos seguintes postos para o programa de inserción laboral “VIGO EMPREGA” 2014:*

*a) 3- Capataces beneficiarios/as albanelería*

*b) Oficiais beneficiarios/as:*

*15 - Oficiais Albanel.*

*1- Oficial Carpinteiro Metálico.*

*10- Oficial Conductor.*

*1 – Oficial Conductor-Palista.*

*1 – Oficial Fontaneiro.*

*2 – Oficiais Electricistas.*

*7 – Oficiais Xardineiros/Forestais.*

*1 – Oficial Pintor.*

*1 – Oficial Carpintaría de madeira*

*1 – Oficial Canteiro*

*1 – Oficial Mecánico*

*c) 57- Peóns beneficiarios/as: “*

*Cando conforme se indicaba no informe proposta o número de oficiais electricistas a contratar e un (1).*

*Polo anteriormente exposto e en base as competencias que en materia de contratación os-tenta a Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte acordo:*

*Proceder a subsanar o erro do acordo de Xunta de Goberno Local de data 14 de febreiro de 2014 (expte 10654/77), no seu apartado 1.b, modificando o número de postos de oficial electricista de tal xeito que donde dí 2 – Oficiais Electricistas, debe decir 1 - Oficial Electricista.*

Acordo

A Xunta de Goberno local procede a subsanar o erro do acordo de adoptado o 14 de febreiro de 2014 (expte 10654/77), no seu apartado 1.b, modificando o número de postos de oficial electricista de tal xeito que onde dí 2 – Oficiais Electricistas, debe dicir 1 - Oficial Electricista.

**10(188).- PROXECTO PARA A “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA PARROQUIA DE TEIS, FASE 1”. 2519/443.**

Dar conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento do 17.02.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

*A empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA, SLP, presenta o proxecto de “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA PARROQUIA DE TEIS, FASE 1”, redactado polo ENXEÑEIRO T. OBRAS PÚBLICAS D. LUIS VILAR MONTORO, cun orzamento base de licitación de SETECENTOS SETENTA E DOUS MIL SEISCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (772.672,79€) IVE NON INCLUIDO.*

*O proxecto “Renovación de redes de Abastecemento e Saneamento na Parroquia de Teis. Fase 1” define as obras necesarias para a renovación das canalizacións nas rúas Espiñeiro, Avda. Mariña Española, rúa Oliveira, rúa Toural de Abaixo, rúa Coutadas e Camiño Cancelo.*

*As canalizacións de abastecemento actuais son de fibrocemento e encóntranse obsoletas polo que se contempla substituílas por tubería de fundición de 80 mm. na rúa Espiñeiro, 100 mm. na Avda. da Mariña Española, 80 mm. na rúa Oliveira e 80 mm. no Camiño Cancelo.*

*Os colectores de saneamento encóntrase en mal estado polo que se renovan mantendo os diámetros existentes con diámetros variados con canalización de PVC cor tella, refacendo as obras de fábrica necesarias arquetas e pozos na rúa Coutadas e Toural de Abaixo.*

*Repoñeranse os pavimentos superficiais existentes na actualidade. As rasantes tanto lonxitudinais coma transversais conservan os seus pendentes.*

*O prazo de execución previsto é de SEIS (6) MESES e o prazo de garantía é de DOUS (2) ANOS.*

*Polo que, á vista do anteriormente exposto e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal de data 14 de febreiro de 2014, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*Aprobar o proxecto redactado por VILAR MONTORO INGENIERÍA, SLP Para a “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA PARROQUIA DE TEIS, FASE 1”, por un importe de SETECENTOS SETENTA E DOUS MIL SEISCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (772.672,79€) IVE NON INCLUIDO e un prazo de execución de SEIS MESES.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(189).- MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA REHABILITACIÓN DO ANTIGO CHALET MIRAMBELL COMO CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES DA VILLA ROMANA DE TORALLA. EXPTE. 7198/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.02.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, conformado pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, e a concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno, en sesión extraordinaria e urxente do 31 de xaneiro de 2014, autorizou a redacción do PROXECTO MODIFICADO Nº 1 CON INCREMENTO ECONÓMICO DO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DESTINADO A CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES DA VILLA ROMANA DE TORALLA.*

*Este proxecto modificado recolle as variacións previstas na totalidade dos proxectos que forman parte do expediente 6837-307 e que serviron de base para a contratación da obra:*

*- PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DESTINADO A CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES DA VILLA ROMANA DE TORALLA, redactado pola arquitecta M. del Consuelo González García (aprobado en Xunta de Goberno Local en data 04/01/2013).*

*- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO ENTORNO DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN HISTÓRICO-ARQUEOLÓXICA DA ROMANIZACIÓN DA RÍA DE VIGO. VILLA ROMANA DE TORALLA, redactado polos arquitectos municipais, Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso (aprobado en Xunta de Goberno Local en data 08/02/2013).*

*- PROXECTO MUSEOGRÁFICO DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA VILLA ROMANA DE TORALLA, redactado pola arqueóloga Matilde González Méndez (aprobado en Xunta de Goberno Local en data 31/05/2013).*

*O título V do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, recolle a modificación dos contratos, sinalando que os contratos do sector público só poderán modificarse cando así esté previstos nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e nos límites establecidos no artigo 107.*

*As circunstancias que motivan a elaboración deste proxecto modificado, aparecen analizadas no informe de 7 de febreiro de 2014, redactado polos directores facultativos da obra: Juan Luis Piñeiro Ferradás, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Raquel López González, nomeados pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de 11 de outubro de 2013, que sinala que o obxecto consiste en recoller as modificacións do proxecto derivadas dos axustes de estrutura, distribución, usos, instalacións e acabados nas diferentes plantas, así como do peche exterior da parcela.*

*Ademáis, incorpórase ao expediente un informe complementario da dirección facultativa, de 21 de febreiro de 2014, realizado por indicacións da asesoría xurídica, no que se amplía a información facilitada no primeiro informe.*

*Así, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de rehabilitación do antigo chalet Mirambell como centro de recepción de visitantes da villa romana de Toralla recolle, no apartado 15 das follas de especificación do contrato (FEC), sinala o seguinte:*

- A. ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: sí*
- B. ASPECTOS A MODIFICAR (EN CASO AFIRMATIVO):*

As unidades de obra relacionadas co movemento de terras, cimentacións, estrutura, cubertas e aislamentos, urbanización exterior, instalacións, mobiliario ou acabados exteriores e interiores.

C. **CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:**

No caso de que no subsolo afectado polas obras aparezan construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas distintas das recollidas en proxecto ou por cambios de usos das superficies interiores e exteriores a construír.

D. **LÍMITES DA MODIFICACIÓN:**

A cuantía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato, salvo para as modificacións superficiais que non poderán afectar ao prezo do mesmo.

E. **ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN:** non se fixan

O citado *TRLCSP* diferencia entre modificacións previstas e non previstas, na documentación que rixe a licitación, polo que nos informes da dirección facultativa pódense distinguir as seguintes:

1.- *Modificacións previstas (artigo 106 *TRLCSP*).*

O importe destas modificacións equivale a un 10,75% do orzamento de execución material do proxecto.

1.1.- *Aparición no subsolo de construcións soterradas e elementos de protección arqueolóxica:* durante a execución da obra apareceron restos arqueolóxicos (estructuras murarias e tumba) que pretenden ser postos en valor e integrados na museografía, o que implica modificacións na distribución da planta baixa do edificio, así como no discurso expositivo.

1.2.- *Circunstancias relativas ó cambio de uso das superficies exteriores:* a necesidade de plantexar unha xestión unitaria das instalacións existentes na parcela levan a unha modificación no uso dos espazos existentes, que obrigan a unha ampliación do peche existente.

O obxectivo deste cambio fundaméntase na necesidade de unificar o centro de interpretación coa villa romana xa musealizada, orientado a unha mellora na xestión de ambos equipamentos, posto que ao contar cun único acceso redúcense os custos de apertura ao público, ademais se pretende facer máis permeable o peche para poder visualizar dende o exterior parte da musealización, e reducir así os recursos destinados á divulgación.

2.- *Modificacións non previstas (artigo 107 *TRLCSP*).*

O importe destas modificacións equivale a un 9,24% do orzamento de execución material do proxecto.

2.1.- *Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación por causa de forza maior ou caso fortuito (artigo 107.c):* unha vez iniciadas as obras, verificáronse as deficientes características constructivas das fachadas preexistentes, polo que se procedeu a á execución dun sistema de arriostramento das mesmas. Finalmente, plantexouse a súa substitución.

2.2.- *Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación por causa de error ou omisións padecidos na redacción do proxecto (artigo 107.a):* o proxecto de execución non prevé sistema de ventilación para a renovación de aire interior.

Ademais, o proxecto de execución recolle a instalación dun ascensor con cabina para seis persoas que, segundo a Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras da

*Comunidade Autónoma de Galicia, se considera “practicable”, e pode ser autorizado cando as condicións arquitectónicas do edificio non permitan a instalación dun ascensor adaptado. Aínda que, unha vez executado o replanteo da obra, comprobouse que era posible plantexar a instalación dun ascensor con capacidade para oito persoas, de tal xeito que cumpla como ascensor adaptado.*

*O orzamento total acada os 793.400,87 euros, que supón un incremento orzamentario de 132.200,00 euros respecto do adxudicado (en sesión extraordinaria e urxente de 20 de setembro de 2013, a Xunta de Goberno Local aprobou a adxudicación definitiva destas obras por un prezo total de 661.200,87 euros € (IVE incluído), á empresa Civis Global, S.L.), que se atopa por debaixo do 20% establecido no apartado 15 das FEC antes sinalado.*

*Con data 25 de febreiro de 2014, emítese informe favorable pola oficina municipal de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, en virtude do artigo 125 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP.*

*O artigo 234 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP, fai referencia á modificación do contrato de obras, así como as actuacións necesarias para realizar dita modificación, entre as que sinala a “audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días” (3.b).*

*En ambos casos conforman a modificación: o contratista mediante a sinatura do proxecto modificado dun representante da empresa, e a redactora do proxecto mediante escrito de 21 de febreiro de 2014, que se acompaña ao expediente.*

*Polo exposto, solicítase desa Xunta Local de Goberno o seguinte:*

*1.- Aprobar o PROXECTO MODIFICADO Nº 1 CON INCREMENTO ECONÓMICO DO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DESTINADO A CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES DA VILLA ROMANA DE TORALLA, redactado por Juan Luis Piñeiro Ferradás, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Raquel López González, e conformado pola empresa adxudicatária, Civis Global, S.L., por un importe líquido adicional de 132.200 euros, o que supón un incremento dun 19,99% sobre o prezo de adxudicación.*

*2.- Autorizar o gasto de 132.200 euros con cargo á partida orzamentaria 3360.6320003 do orzamento municipal vixente.*

## **12(190).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DUN/DUNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL. EXPTE. 24839/220.**

Visto o informe de fiscalización do 14.02.14, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 24.01.14, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Auxiliar de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Asesoría Xurídica Municipal, contida no escrito de data 16 de decembro de 2013 e, en consecuencia, autori-



za-lo gasto por importe de 10.747,62€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D. JOSÉ MANUEL COUÑAGO GONZÁLEZ, DNI 77.001.336-G, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- O referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, re-matando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138, auxiliar, sendo adscrito ao Servizo de Asesoría Xurídica, (cód. 111).

Cuarto.- A xonada laboral do efectivo nomeado, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **13(191).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO-2014. EXPTE. 24924/220.**

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	xaneiro	139,00	558,78	26,00	70,72	629,50
Policia Local	xaneiro	10.814,33	43.473,61	9.601,00	26.114,72	69.588,33
Parque Móbil	xaneiro	194,25	780,89	186,00	505,92	1.286,81
Extinción Incendios	xaneiro	509,00	2.046,18	145,00	394,40	2.440,58
Cemiterios	xaneiro	543,51	2.184,91	0,00	0,00	2.184,91
Montes, Parques e Xardíns	xaneiro	85,00	341,70	0,00	0,00	341,70
Desinfección	xaneiro	30,00	120,60	40,00	108,80	229,40
MUSEO	dece/xaneiro	87,00	349,74	0,00	0,00	349,74
IMD	xaneiro	45,00	180,90	0,00	0,00	180,90
Conserxería	decembro	19,00	76,38	0,00	0,00	76,38
<b>TOTAIS</b>		<b>12.466,09</b>	<b>50.113,68</b>	<b>9.998,00</b>	<b>27.194,56</b>	<b>77.308,24</b>

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 77.308,24 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**14(192).- PROPOSTA PARA REINICIAR AS APORTACIÓNS POR PARTE DO CONCELLO DE VIGO AO VIXENTE PLAN DE PENSÍONS. EXPTE. 24810/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización da Intervención de data 14/02/14 e visto o informe-proposta da xefa do servizo do 18/02/14, conformado pola xefa de área de Réxime Interior e máis polo concelleiro delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Ao abeiro do establecido na Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014 e de conformidade co acordo da Comisión Xestora de data 03/02/2014, a reanudación por parte do Concello de Vigo das achegas ao Plan de Pensións existente, constituído e vixente con anterioridade ao 31/12/2011, en idénticos termos e condicións do establecido no mesmo, de conformidade co informe-proposta que antecede e nos termos e condicións, contido e alcance do establecido no informe de fiscalización emitido no marco da tramitación administrativa do expediente nº 24.810/220.

Segundo.- Acordar o prorrateo por mensualidades das cotas extras achegadas polo empregador nos meses de xuño de decembro de cada ano, aos efectos de imputación na base de cotización á Seguridade Social segundo esixe o Real Decreto-Lei 16/2013, de 20 de decembro, de medidas para favorecer a contratación estable e mellorar a empleabilidade dos traballadores, segundo acordo da Comisión Xestora de data 03/02/2014.

Terceiro.- Establecer, ao abeiro do contemplado no artigo 57.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, como data de efectos do presente acordo o 01/01/2014, tanto para as achegas do Concello de Vigo como promotor do Plan, como para as achegas que correspondan ao persoal que reanude as mesmas, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización, acordando expresamente que a materialización práctica da regularización das achegas correspondentes ao período comprendido entre o 01/01/2014 e o 01/03/2014 realizárase na nómina do mes de xuño do presente ano 2014, por resultar máis favorable aos empregados/as públicos municipais de acordo co principio de proporcionalidade, salvo que o propio empregado/a público municipal manifeste por escrito debidamente rexistrado, a vontade contraria, outorgando a tal efecto un prazo de 10 días hábiles contados dende a publicación no do presente acordo na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo notifíquese á Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Sres/Sras. Presidente/a e Secretario/a da Comisión Xestora do Plan de Pensións, Entidade xestora do Plan de Pensións (Novagalicia Banco), Xefatura do Negociado de Réxime Interior e Negociado de Seguridade Social (Servizo de Recursos Humanos) e Comité de Persoal, para coñecemento e efectos.

Quinto.- Dispoñer a publicación e difusión do presente acordo na Intranet municipal aos efectos previstos no apartado terceiro do mesmo.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, tamén dende o día seguinte ao da certificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos arts. 8, 25 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **15(193).- AXUDAS SOCIO-SANITARIAS 2014-1ª FASE. EXPTE. 24975/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa do servizo de RR HH, conformado polo concelleiro-delegado de área, visto o informe de fiscalización do 03/03/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar as axudas socio-santiarias 2014-1ª fase, propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 20/02/2014 por un importe total de 244.407,00 € (douscentos corenta e catro mil catrocentos sete euros), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica e en función a distribución que se indica:

TRAMO	RETRIBUCIÓN	MÁXIMO
I	MENOS DE 25.000	660
II	DE 25.001 A 28.000	485
III	DE 28001 A 37.000	335
IV	DE 37.001 A 49.000	215
V	MAIS DE 49.000	145

#### TRAMO 5

APELIDOS E NOME	Nº DNI	Nº P	€
ALONSO FERNANDEZ ANTONIO	36.006.599	22.183	145

APELIDOS E NOME	Nº DNI	Nº P	€
CARBALLO ACUÑA ALBERTO	36.069.952	18.320	145
ESCARIZ COUSO ALBERTO	36.097.029	79.865	114
ESPIÑO COLLAZO Mª DOLORES	35.257.778	18.552	145
FERNANDEZ CARPINTERO EZEQUIEL	36.040.789	16.283	145
GONZALEZ PRADA SERGIO	34.574.036	18.537	145
GONZALEZ RODRIGUEZ JOSE	36.037.457	18.939	145
HERNANDEZ VIDAL Mª DOLORES	35.320.992	80.658	145
LOPEZ MOURE JESUS	36.106.611	77.210	145
LOUREIRO BADA MARIA JOSE (1)	36.080.259	78.248	64
MAGDALENA VILA Mª JESUS	36.025.359	13.161	145
PAZOS AREA Mª DEL CARMEN	53.110.174	80.549	145
RIESGO BOLUDA JOSE	1.488.932	78.828	97
RIOBO IBAÑEZ MARTA	36.081.499	76.267	145
RODRIGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA LUIS	35.299.727	21.605	145
SOBRINO DEL RIO MARIA LUISA	36.065.227	24.070	145
VIVERO MIJARES ANTONIO	36.088.250	21.054	145
TOTAL			2.305,00 €
(1) consulta denegada			

#### TRAMO 4

APELIDOS E NOME	Nº DNI	Nº P	€
ALBERTOS BENAYAS JAVIER	36.119.103	80.472	215
ALFAYETE RODRIGUEZ CATALINA	9.282.427	79.850	215
ALONSO ASENJO BEATRIZ	35.991.455	15.651	171
ALONSO CACHEIRO Mª PILAR	34.974.004	78.150	215
ALONSO MIGUEZ ROSA Mª	36.007.512	21.203	200
ALVAREZ DOMINGUEZ INES	36.059.236	76.410	215
ALVAREZ FERREIRA FRANCISCO J	36.076.666	76.473	215
ANTEPAZO BRUN PABLO	73.240.388	79.103	215
ARENAS VILLARROEL SANTIAGO	36.041.201	18.388	215
ARIAS FERNANDEZ JUAN CARLOS	35.981.927	10.843	215
AVENDAÑO OTERO BIENVENIDO	36.061.946	21.456	215
BALBOA CARDOSO FELISA	35.550.687	78.119	215
BARBARA RODRIGUEZ BEATRIZ	36.098.427	79.572	215
BLAS FONDOS JOSE L.	36.022.562	16.886	201
BOSQUE ZAPATA JOSE MANUEL DEL	36.036.131	16.975	215
BOUSO CEDRON MARIA JESUS	35.978.228	23.981	215
BUGALLO CORRALES JOSE ELIAS	36.142.415	79.109	215
CALVAR RIOS MOISES	36.142.373	79.383	215
CAMBEIRO FUENTES ESTHER	36.037.461	22.533	215
CARNEIRO MINIÑO PILAR	76.986.963	18.028	160
COMESAÑA ARRIBAS LUIS FELIPE	139.795	11.239	173

APELIDOS E NOME	Nº DNI	Nº P	€
COSTA RIVEIRO EUGENIO	36.026.624	10.889	215
DIEGUEZ RAPOSEIRAS JORGE G	36.108.665	77.018	215
DOMINGUEZ ALONSO FRANCISCO	76.911.101	77.026	215
DOMINGUEZ GONZALEZ PILAR	36.061.811	77.819	215
DURAN CALVO ESTANISLAO J.M.	35.277.708	14.628	215
EGEA TORRON PILAR	50.806.376	18.543	150
ESTEVEZ RODRIGUEZ BEGOÑA	76.904.434	79.546	215
FERNANDEZ CABALEIRO JOSE LUIS	35.554.411	18.508	215
FERNADEZ GALLEGO CONSUELO	34.921.683	19.278	215
FERNANDEZ IGLESIAS ROBERTO (1)	36.054.727	18.419	50
GALLEGO PARAMOS JOSE LUIS	36.009.948	50.110	215
GARCIA ALVAREZ SUSANA	34.959.892	78.741	147
GARCÍA GONZÁLEZ TERESA	36.077.773	24.093	215
GARCIA SILVA ENRIQUE	36.064.903	21.048	215
GIL DOMINGUEZ FRANCISCO	34.869.989	16.774	120
GOMEZ GARCIA CRISTINA	36.098.882	78.121	215
GOMEZ JANEIRO MARIA	36.094.492	76.440	215
GOMEZ OURO BEATRIZ	36.086.665	22.622	215
GOMEZ YEPES CELIA	79.324.928	81.007	215
GONZALEZ ALONSO Mª DOLORES	36.054.508	10.895	215
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ MARIA	36.087.873	23.290	215
GONZALEZ GARCIA MANUEL	34.938.829	16.834	215
GONZALEZ RODRIGUEZ MIGUEL JOSE	36.036.153	14.835	215
HERMIDA ARAUJO ADOLFO	36.043.209	17.064	215
HERMIDA FERNANDEZ JOSE A	36.036.361	13.853	215
HERMIDA-CACHALVITE VAZQUEZ RAM	53.171.277	81.127	160
HERRERA OYA EMILIO	36.043.641	15.728	215
IGLESIAS ALVAREZ EMILIO	35.989.841	17.271	215
KOWALSKI BIANCHI ANA	36.125.146	78.120	215
LAGO CARRERA ROCIO	36.040.945	22.987	215
LÓPEZ CUESTA ISABEL	51.440.695	22.674	215
LOPEZ GONZALEZ RAQUEL	36.084.221	76.489	215
LOPEZ LANDESA FELIX	36.033.830	14.090	215
LOPEZ PIÑEIRO PILAR	33.829.412	22.332	215
MARIÑO VILLANUEVA JULIA	36.045.806	22.361	215
MARON LORENZO JUAN ANTONIO	36.033.263	14.321	215
MARTINEZ LINO PEDRO	36.125.511	79.363	70
MOLINA MAGDALENA FERNANDO	36.065.820	77.043	215
MOURIZ MARTINEZ ANA MARIA	36.096.763	78.535	215
MURADAS BLANCO JAVIER	36.063.563	23.337	215
OLIVEIRA LOPEZ J IGNACIO	36.015.127	18.135	170
ORDOÑEZ PEREZ CARLOS	36.018.158	14.025	215
PARGA BLANCO RICARDO SANTOS	36.077.956	18.336	215

APELIDOS E NOME	Nº DNI	Nº P	€
PEREZ BARREIRO Mª BELEN	36.046.390	19.270	215
PEREZ RODRIGUEZ RAMON	36.084.908	18.425	215
QUINTELA RODRIGUEZ Mª JOSE	35.995.956	9.320	215
RIO DIZ PABLO DEL	36.107.563	77.020	215
RIOBO VEIGA LUIS ALBERTO	78.736.786	80.677	215
RODRIGUEZ DURAN JESUS	36.027.862	14.054	113
ROJO MORON JOSE LUIS	74.794.602	12.457	215
ROLO SILVA JOSE LUIS	36.052.071	17.147	215
ROMERO QUINTELA MONTSERRAT	36.057.378	21.172	137
SAAVEDRA GONZALEZ RAFAEL	36.035.271	16.952	215
SALA RIOS Mª BERTA	36.023.328	21.367	170
SALVADORES CANEDO MARIA T.	32.792.609	23.372	112
SANCHEZ SANCHEZ MANUEL	36.079.491	76.472	215
SANROMÁN VARELA MARÍA JESÚS	36.018.668	16.640	215
SIERRA ABRAIN MARIA	36.064.483	76.438	215
SOUTO GONZALEZ MARTA	36.054.893	23.840	155
TOSCANO NOVELLA Mª CRISTINA	36.041.699	80.473	215
VARELA BORREGUERO LUCIO C	36.023.156	17.495	215
VAZQUEZ DOMINGUEZ CARMEN	76.617.377	80.436	215
VAZQUEZ GONZALEZ DOMINGO	36.027.499	14.670	164
VAZQUEZ IGLESIAS PEDRO Mª (3)	11.904.805	21.628	85
VAZQUEZ-NOGUEROL PARAMOS ROSA	36.016.448	21.210	215
VIDAL FRAILE M ANGELES	36.026.651	14.574	185
VIDAL LORENZO LUCIA (2)	36.155.437	79.122	69
VIEITEZ ALEN Mª DOLORES	36.101.442	77.222	215
TOTAL			17.582 €

(1) consulta denegada

(2) fras fora de prazo

(3) fra optica sin detallar

### TRAMO 3

APELIDOS E NOME	Nº DNI	Nº P.	€
ABALDE CASANOVA JESUS IVAN	36.116.520	78.129	335
ABALLE GONZALEZ MANUEL	36.031.484	14.315	335
AGAHWA MARTINEZ CELINA	36.174.101	80.597	335
AGUADO TABOADA MANUEL	36.022.286	18.282	335
AGUIRRE RODRIGUEZ MANUEL	36.095.036	16.509	335
AIRABELLA MARRA FRANCISCO J	53.173.326	78.743	335
ALONSO BARCIA RUBEN	36.137.775	81.950	335
ALONSO IGLESIAS MARIANO	36.040.312	22.310	335
ALONSO RODRIGUEZ JUAN PABLO	36.075.555	18.218	60
ALONSO VILA ANGEL L	36.048.400	22.480	335

APELIDOS E NOME	Nº DNI	Nº P.	€
ALVAREZ CAMPOS DIEGO	36.063.869	21.083	335
ALVAREZ DIAZ JOSE ANTONIO	36.047.121	20.600	335
ALVAREZ DOMINGUEZ Mª JOSE	36.047.902	21.090	335
ALVAREZ GARCIA JAVIER	36.103.083	78.744	200
ALVAREZ LOUREIRO ALEJANDRO	36.018.086	15.875	335
ALVAREZ PENA MARIA	53.172.249	80.590	335
ALVAREZ SALGUEIRO DAVID	36.149.653	80.562	139
ALVAREZ TORRES ROGELIO	36.073.560	20.920	335
ALVES DIZ MIGUEL	36.054.689	17.153	335
ANTAÑON SOBRADO RUDESINDO	36.075.667	82.166	335
APARICIO GONZALEZ VICENTE	36.132.363	78.782	195
ARAGUNDE HERMIDA JOSE CARLOS	36.038.778	21.019	335
ARAUJO SANCHEZ ANGELES	36.059.642	23.886	335
BARCIELA SIMON BENITO	36.008.640	13.617	335
BARROSO PARADA SANTIAGO	78.739.270	79.355	335
BASTOS BASOA ESTEBAN (1)	53.177.737	79.373	190
BASTOS RODRIGUEZ FERNANDO	36.033.840	14.344	335
BECOÑA IGLESIAS LAUREANO	35.306.532	76.481	195
BELLO ROCA JOSE Mª	33.810.646	12.144	335
BERGES MARTINEZ PABLO (8)	36.164.560	79.381	230
BERNARDEZ PEREZ SERAFIN	76.695.175	12.664	335
BLANCO PEREZ JOAQUIN	36.131.502	80.596	150
BORRAJO RODRIGUEZ ADOLFO (2)	36.064.052	17.176	173
BOSQUE RODRIGUEZ JOSE M DEL (3)	53.179.736	81.931	230
